<p>instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.</p>	<p>LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos de comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.</p> <p>LCLB4.3.3. Traballa en equipo determinados aspectos de lecturas propostas ou seleccionadas polos alumnos, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.</p> <p>LCLB4.3.4. Dramatiza fragmentos literarios breves, desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.</p>	<p>• CCL</p> <p>CSIEE</p> <p>• CSC</p> <p>• CCEC</p>	<p>3</p> <p>1</p> <p>1</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>viduais e/ou grupais</p>
<p>B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.</p>	<p>LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.</p> <p>LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados</p>	<p>• CCL</p> <p>• CAA</p>	<p>3</p> <p>3</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>-Probas orais e /ou escritas</p> <p>-Traballos.</p> <p>-Rúbricas</p>
<p>B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa</p>	<p>LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa</p> <p>LCLB4.5.1. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.</p>	<p>• CCL</p> <p>• CAA</p>	<p>3</p> <p>1</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>- Observación na aula</p> <p>- Probas escritas</p>
					<p>-Traballos individuais</p>

<p>B4.6. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal e utilizando as tecnoloxías da información.</p>	<p>LCLB4.6.1. Consulta e cita adecuadamente varias fontes de información para desenvolver por escrito, con rigor, coherencia e claridade, un tema relacionado co currículo de Literatura.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CD 	3	Todo o curso	e/ou grupais -Rúbricas	
	<p>LCLB4.6.2. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.</p>	CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • 	2	Todo o curso	
	<p>LCLB4.6.3. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.</p>		<ul style="list-style-type: none"> • CD 	3	SO Todo o curso	

2.4. Concrecións metodolóxicas que require a materia

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sós.

Analizando as orientacións xerais de cada etapa e as específicas para a materia en cada curso, extráense un conxunto de principios que garantizan a coherencia entre cursos e tramos do Proxecto Educativo que serán os que guíen o noso labor docente:

- a) Impulsar o nivel de desenvolvemento do alumno.

- b) Promover o desenvolvemento das competencias clave.
- c) Favorecer a transferencia e a conexión entre os contidos.
- d) Estimular a cooperación

Por iso, os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual dos contidos, inciden na importancia da adquisición de referentes do seguinte tipo:

- Ferramentas de traballo instrumental (análises, esquemas, búsqueda e selección de información significativa).
- Habilidades e destrezas de relación interpersoal. A situación creada pola COVID dificulta a posta en práctica de actividades que fomentaban estas habilidades, como os traballos en equipo. Aínda así, aproveitaranse os momentos de traballo en gran grupo (debates, exposicións, intervencións, diálogos) para continuar a traballar o máximo posible estas habilidades respetando as medidas de seguridade do protocolo COVID.
- Habilidades integradoras que articulen estratexias de aprendizaxe autónoma.

Considerando que a finalidade global para a área de Lingua Castelá e Literatura é a mellora da competencia comunicativa do alumnado, concretada no desenvolvemento das catro capacidades básicas: comprender/falar e ler/escribir, todo o traballo nesta materia debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa baséanse nunha **metodoloxía activa** na que os alumnos participen no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza aprendizaxe e que se caracteriza por:

- Atender as diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo, tendo en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Traballar a lectura comprensiva por medio de todo tipo de textos, xa que consideramos básico afianzar esta destreza, fundamental non só para esta materia, senón para todas as demais.
- Estratexias de aprendizaxe cooperativa. No marco da situación provocada polo COVID, non é posible o traballo en equipo seguindo os procedementos de anteriores cursos. Polo tanto, buscarase a forma de abrir tempos de cooperación nas clases traballando en gran grupo coa intervención e participación colaborativa do alumnado, respetando as medidas de seguridade do protocolo COVID. Buscarase tamén a forma de permitir a cooperación entre alumnos mediante ferramentas dixitais.
- Participación en Proxectos por tarefas.
- O feito de que practicamente todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades, fundamentalmente de comprensión e produción, facilita que os alumnos exerzan a súa comptencia en comunicación e que o profesor saiba en cada momento como foron asimilados polo alumno, de forma que poida introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

No contexto da pandemia COVID, ademais, potenciarase o uso de ferramentas dixitais e da aula virtual, de maneira que as actividades desenvoltas por esta vía respeten na medida do posible os principios máis arriba indicados. En condicións de presencialidade, o alumnado habituarase a traballar de maneira cotiá na aula virtual, que será a principal canle educativa en caso de confinamento.

A continuación detallamos algunhas das pautas e mecanismos para traballar cada unha das competencias clave co obxectivo de contribuir á adquisición destas destrezas progresivamente dende o primeiro curso de ESO.

Desenvolvemento da competencia lingüística

- Lectura de distintos textos (expositivos, argumentativos, literarios, de los medios de comunicación,etc.) de manera individual e en voz alta.
- Realización de resumos.
- Comprensión e realización de textos orais e escritos.
- Diversidad de exercicios para traballar os contidos relacionados co bloque de Coñecemento da lingua: categorías gramaticais, ortografía, semántica, sintaxis,etc.
- Pautas para a creación de textos literarios: caracterización de personaxes, creación de escenarios, realización de descripcións,etc.
- Realización de dictados.
- Pautas para a realización de comentarios críticos adaptados ao nivel do alumnado, xa que consideramos vital que o alumnado tome contacto coa unidade de texto relacionándoo co contexto.

Desenvolvemento da competencia de “aprender a aprender”

- Realización de esquemas e mapas conceptuais, ferramenta fundamental para a asimilación dos contidos .
- Técnicas de estudio para a materia.
- Revisión e autocorrección das actividades por parte do alumno.
- Pautas para a realización de lecturas en voz alta. Vocalizar correctamente, realizar pausas, entoación, etc.
- Revisión e autocorrección das actividades por parte do alumno.
- Pautas para a realización de debates: pedir a palabra, respetar os turnos, argumentar axeitadamente,etc.
- Seguimento diario por parte do profesor do traballo do alumno.

Desenvolvemento da competencia social e cívica

- Asimilación de hábitos de comportamento para favorecer un clima axeitado dentro da aula.
- Realización de traballos s actividades de modo cooperativo.
- Pautas para a realización de debates: pedir a palabra, respetar os turnos, argumentar axeitadamente,etc.
- Lectura de textos diversos e visionado de vídeos para tratar os temas transversais e realizar debates co fin de favorecer unha actitude responsable ante as distintas situacións que se manifestan na nosa sociedade.

Desenvolvemento da competencia artística e cultural

- Selección e comentario de textos literarios e non literarios relacionados con distintos ámbitos da cultura de distintas épocas: pintura, música, cine, arquitectura.
- Visionado e tarefas sobre diferentes materiais audiovisuais: películas, documentais, noticias do ámbito cultural,etc.
- escoita e tarefas sobre cancións, programas de radio, etc
- Realización de murais interrelacionando a literatura con outros ámbitos culturais.

- Actividades extraescolares que se indican nesta programación.
- Actividades en datas relacionadas co ámbito da cultura: Día do libro, Día da poesía, conmemoracións varias, etc.

Desenvolvemento da competencia dixital

- Utilización do libro dixital e a plataforma EDIXGAL en agora implantada en tódolos cursos da ESO. Na actual situación, a aula EDIXGAL será unha ferramenta de uso habitual ao longo de todo o curso, ao carón dos outros materiais cotiás. Servirá como espazo para por á disposición do alumnado contidos e explicación en diversos formatos, plataforma de entrega e corrección de tarefas e vía de comunicación persoal e grupal (servizo de mensaxería e foro).
- Búsqueda de información en Internet para a realización de diversas tarefas .
- Creación de distintos textos con procesador de textos.
- Emprego da pizarra dixital.

Desenvolvemento da competencia matemática, científica e tecnolóxica

- Lectura e actividades con textos do ámbito científico
- Elaboración de esquemas numéricos, cadros e mapas conceptuais para distintos contidos como categorías gramaticais, tipos de texto, etc.
- Esquemas métricos
- Coñecemento da numeración romana para a realización de mapas conceptuais cronolóxicos.

2.5 Materiais e recursos

Os libros dixitais elixidos pretenden ser a base de referencia dos contidos propios da materia e o punto de partida desde o que se susciten outras ideas e proxectos que poidan desenvolverse ao longo do curso.

Primeiro curso da ESO

-Poderán combinarse, segundo o profesor/a considere, os materiais dos libros dixitais dispoñibles na plataforma EDIXGAL para a nosa materia (Edebé, Netex, Aulaplaneta). Ademais, facilitaráselle ao alumnado material a través da aula dixital de Edixgal e/ou en formato papel (resumos, fichas de ortografía, esquemas, textos variados,etc.). En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os alumnos e alumnas deberán ler tres libros ao longo do curso, un por avaliación. O profesor/a establecerá os instrumentos de avaliación que considere oportunos para comprobar a lectura efectiva e a comprensión da obra. En caso de que se produza un confinamento e non todo o alumnado dispoña de libro de lectura, sustituirase o libro en papel por lecturas virtuais libres de dereitos de autor. Unha das plataformas cuxo uso se consideraría

neste caso é *ellibrototal.com*, que dispón de clásicos infantís e xunvenís e somentes difunde obras de Dominio Público cuxa publicación non conculque os dereitos de autor.

- 1.- *La sima del diablo*. Heinz Delam Lagarde. Editorial Alfaguara.
- 2.- *La canción de Shao Li*, Marisol Ortiz de Zarate, Editorial Bambú.
- 3- *Mitos griegos*, Maria Angelidou, Editorial Vicens Vives.
- 4- *Erik Vogler y los crímenes del rey blanco*, Beatriz Osés, Editorial Edebé.

Segundo curso de ESO

-Poderán combinarse, segundo o profesor/a considere, os materiais dos libros dixitais dispoñibles na plataforma EDIXGAL para a nosa materia (Edebé, Netex, Aulaplaneta). Ademais, facilitaráselle ao alumnado material a través da aula dixital de Edixgal e/ou en formato papel. En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os alumnos/as realizarán tres lecturas obrigatorias, unha por avaliación, de entre as seguintes. A profesora escollerá os instrumentos de avaliación que considere oportunos para a comprobación das lecturas. En caso de que se produza un confinamento e non todo o alumnado dispoña de libro de lectura, sustituirase o libro en papel por lecturas virtuais libres de dereitos de autor. Unha de las plataformas cuxo uso se consideraría neste caso é *ellibrototal.com*, que dispón de clásicos infantís e xunvenís e somentes difunde obras de Dominio Público cuxa publicación non conculque os dereitos de autor.

- 1.- *África en el corazón*. M^a Carmen de la Bandera. Editorial Bambú.
- 2.- *Un sol dentro de mí*. Sonia Mirón. Editorial Círculo Rojo.
3. *La ratonera*, Agatha Christie, Vicens Vives.
4. *El misterio del eunuco*, José Luis Velasco, SM.

Terceiro curso da ESO

-Poderán combinarse, segundo o profesor/a considere, os materiais dos libros dixitais dispoñibles na plataforma EDIXGAL para a nosa materia (Edebé, Netex). O feito de que a comezo de curso non estean dispoñibles os materiais completos de tódalas editoriais dificulta a súa elección.. O alumnado contará, ademais, con material elaborado polo profesor, que inclúe: unidades didácticas, resumos gramaticais, antoloxía de textos, glosarios de términos, etc., así como temas facilitados polo profesor, prensa, páxinas web, vídeos, libros, DVD, etc. Este material facilitarase a través da plataforma EDIXGAL ou en formato papel. En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os alumnos e alumnas deberán ler, polo menos, tres libros ao longo do curso. En cada avaliación proporase unha obra das seguintes. En todo caso, o profesor poderá reducir ou aumentar as lecturas se o considera procedente. Tamén terá liberdade para escoller os instrumentos de avaliación que considere oportunos para a comprobación das lecturas. En caso de que se produza un confinamento e non todo o alumnado dispoña de libro de lectura, substituirase o libro en papel por lecturas virtuais libres de dereitos de autor. Unha de las plataformas cuxo uso se consideraría neste caso é *ellibrototal.com*, que dispón de clásicos infantís e xunvenís e somentes difunde obras de Dominio Público cuxa publicación no conculque os dereitos de autor.

- 1.- *El valle de los lobos*. Laura Gallego. Editorial SM.
- 2.- *Mi vida en el paraíso*. M^a Carmen de la Bandera. Editorial Casals.
- 3.- *Vigo es Vivaldi*. José Ramón Ayllón. Editorial Bruño.
- 4.- *Donde surgen las sombras*, David Lozano, Editorial SM.
- 5.- *La leyenda del Cid*. Agustín Sánchez Aguilar. Editorial Vivens-Vives.
- 6.- *El último trabajo del señor Luna*. César Mallorquí. Editorial Edebé.

Cuarto curso da ESO

-Poderán combinarse, segundo o profesor/a considere, os materiais dos libros dixitais dispoñibles na plataforma EDIXGAL para a nosa materia (Edebé, Netex). O feito de que a comezo de curso non estean dispoñibles os materiais completos de tódalas editoriais dificulta a súa elección.. O alumnado contará, ademais, con material elaborado polo profesor, que inclúe: unidades didácticas, resumos gramaticais, antoloxía de textos, glosarios de términos, etc., así como temas facilitados polo profesor, prensa, páxinas web, vídeos, libros, DVD, etc. Este material facilitarase a través da plataforma EDIXGAL ou en formato papel. En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os alumnos e alumnas deberán ler, polo menos, tres libros ao longo do curso. En cada avaliación propórase unha obra das seguintes. En todo caso, o profesor poderá reducir, aumentar ou cambiar as lecturas se o considera procedente. Tamén terá liberdade para escoller os instrumentos de avaliación que considere oportunos para a comprobación das lecturas. En caso de que se produza un confinamento e non todo o alumnado dispoña de libro de lectura, substituirase o libro en papel por lecturas virtuais libres de dereitos de autor. Unha das plataformas cuxo uso se consideraría neste caso é *ellibrototal.com*, que dispón de clásicos infantís e xunvenís e somentes difunde obras de Dominio Público cuxa publicación non conculque os dereitos de autor.

1.- *Desconocidos*, David Lozano, Editorial Edebé

2.- *Las bicicletas son para el verano*, Fernando Fernán Gómez

3.- *Andanzas de maese Pérez el organista y otras leyendas*. Francisco Díaz Valladares. Ed. Bruño.

AULAS VIRTUAIS

Como xa fomos sinalando, na actual situación será fundamental o emprego da aula EDIXGAL, tanto na educación presencial coma, por suposto, nos casos de semipresencialidade ou de confinamento. En tódolos niveis, as aulas EDIXGAL serán para o alumnado unha plataforma con múltiples funcionalidades. Ademais de conter o libro dixital de referencia, poderá servir de soporte de contidos complementarios, lugar de entrega de tarefas, espazo de discusión (a través dos foros), e canle para a comunicación co profesorado (segundo as circunstancias, poderán plantexar dúbidas, suxerencias, etc, a través do servizo de mensaxería da aula). Por elo dende o comezo do curso acostumarase ao alumnado para que incorpore este recursos na súa práctica diaria, igual que un caderno ou un libro de texto.

Mentres que nunha situación de presencialidade a aula EDIXGAL será un complemento ao traballo feito na aula física, en caso de confinamento será o principal mecanismo de comunicación, de traballo e de regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. Con todo, poderá combinarse con outros recursos, como a videochamada.

2.6. Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina. Poden extraerse das taboas do apartado 4.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan distintas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos/as, análise do proceso de ensinanza e práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

- *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada.
- En segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ao longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,
- E, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Os instrumentos de avaliación, que aparecen especificados xunto co seu estándar de aprendizaxe nas taboas do apartado 4, serán variados:

- **Observación na aula** das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual. En caso de confinamento ou semipresencialidade, a observación na aula terá como referencia a participación do alumnado na aula virtual (foros, mensaxes, entrega de tarefas na plataforma, etc.).
- Realizaranse **probos orais ou escritas**, individuais ou cooperativas. O profesor informará ao alumnado da cualificación de cada proba e de cada cuestión incluída nelas. En caso de confinamento, as probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.
- **Rúbricas** para avaliar diferentes estándares de aprendizaxe.
- **A proba de lectura obrigatoria** avaliarase mediante unha proba oral e/ou escrita ou un traballo monográfico. En ámbolos dous casos valorarase a comprensión da obra, a expresión do alumno na proba ou traballo, a opinión persoal, etc.
- O **caderno** do estudante. O alumno deberá ir provisto sempre do seu caderno. Todos os exercicios realizados, ben na aula, ben como tarefas encomendadas para facer na casa, deberán figurar no caderno de forma ordenada. Así calquera exercicio que o alumno fixera no libro pero que non figure no caderno, considerarase como non feito, o que suporá unha penalización. Ademais, o caderno deberá estar organizado como indique o profesor (por exemplo: data, número de unidade, páxina e exercicio; explicacións escritas no taboleiro, enunciados dos exercicios copiados, glosario de vocabulario, normas gramaticais, erros cometidos polo alumno...). As correccións que o profesor faga no caderno non deben suprimirse. Esixirase limpeza e claridade na presentación do caderno, así como a utilización de marxes e sangrías. É importante escribir con boa caligrafía e non cometer faltas de ortografía. En caso de confinamento ou semipresencialidade, ou se a situación sanitaria dificulta a revisión do caderno, poderase solicitar ao alumnado que suba á aula virtual fotografías de tarefas feitas no caderno ou que faga tarefas a través do procesador de textos, que funcionaría entón como un caderno virtual.
- As **tarefas** encomendadas polo profesor: deberes, busca de información, realización de murais, presentación de redaccións ou traballos de calquera tipo.
- **Traballos** individuais ou cooperativos. A realización de traballos cooperativos estará condicionada pola situación sanitaria. Poderá considerarse a posibilidade de empregar ferramentas dixitais que permitan ao alumnado traballar de forma cooperativa.
- **Proxectos por tarefas**.

– As **intervencións orais** planificadas (recitado de poemas aprendidos de memoria, exposicións, narracións, lecturas feitas en clase...) ou non planificadas como as que se derivan da participación na clase. En caso de confinamento, e se o profesor/a o considera oportuno, poderase levar a cabo a intervención oral mediante o envío de arquivos de audio ou vídeo ou mediante videoconferencia.

– **Actitude positiva do alumno**

– Aínda que a actitude ou comportamento do alumno na aula non aparece como un estándar avaliable, cómpre poñer especial coidado na *recollida de datos* que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Poderase reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a superación de prexuízos lingüísticos, a actitude respectuosa no uso da palabra e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas. Así, teranse en conta aspectos como:

- Interese en participar activamente en todas as actividades propostas polo profesor: concursos, lecturas expresivas, consulta de aspectos acordados previamente...
- Puntualidade na entrega dos traballos encomendados. O profesor poderá non recoller traballos, redaccións, deberes, etc. fóra de prazo.
- Non ter faltas inxustificadas de asistencia. Puntualidade na entrada na aula, orde e silencio nas entradas e saída
- Actitude de silencio, atención, respecto ao profesor e aos compañeiros en todas as actividades realizadas na aula ou fóra dela
- Uso responsable do ordenador na aula -ou en calquera outro espazo do centro- e coidado na súa manipulación
- Actitude de obediencia nas indicacións do profesor polo que se refire ao comportamento ou ao xeito de realizar calquera das tarefas encomendadas.

Nunha situación normal, non condicionado por unha coyuntura de pandemia, traballábase a **aprendizaxe cooperativa** tendo en conta aspectos como:

- A correcta realización das estruturas explicadas polo profesor (lapis ao centro, folio xiratorio, lectura compartida, o saco de dúbidas, etc.).
- A consecución dos obxectivos individuais e de equipo establecidos en cada plan de equipo elaborado ao longo do curso así como a axeitada realización dos seus cargos.
- Poderanse recoller traballos realizados polo equipo, tanto de todos os membros como dun só deles; neste caso todos os membros levarán a nota do documento recollido.
- A actitude positiva cara ás actividades propostas.
- Colocar as mesas en posición, traer e colocar o material necesario enriba da mesa e poñerse a traballar, todo iso o máis axiña posible.
- Traer feitas da casa as tarefas encargadas polo docente.
- Centrarse no traballo, sen falar doutros asuntos non relacionados co traballo encomendado, e facer o mellor posible a parte da tarefa que lle toque a cada alumno.
- Rematar as tarefas dentro do prazo de tempo fixado e co volume axeitado para non molestar aos outros equipos de traballo.
- Avanzar no proceso de aprendizaxe, esforzarse para axudar aos compañeiros e/ou recibir axuda por parte deles.

Na situación de pandemia actual, non é posible realizar traballo cooperativo que esixa proximidade física, agrupación de mesas ou uso compartido de materiais. Tratarase de suplir esta carencia mediante o traballo en gran grupo de maneira oral, e coa participación de todo o alumnado, tendo en conta especialmente aqueles alumnos/as que teñan máis dificultade. Asimesmo, se o profesor o ve pertinente, poderá realizar traballo cooperativo mediante ferramentas dixitais.

A ponderación de cada un dos bloques da materia é a seguinte:

● **1º e 2º de ESO :**

Bloque de comunicación oral: 10%

Bloque de expresión escrita: 30%

Bloque de coñecemento da Lingua: 40%

Bloque de Educación literaria: 20%

● **3º e 4º de ESO:**

Bloque de comunicación oral: 10%

Bloque de expresión escrita: 20%

Bloque de coñecemento da lingua: 40%

Bloque de Educación literaria: 30%

Os criterios de cualificación que establecemos por acordo do Departamento teñen en conta a ponderación de cada un dos catro bloques da materia que aparecen anteriormente especificados e terán como base os instrumentos de avaliación detallados arriba. A cualificación establécese sobre 10.

● **1º e 2º de ESO:**

-Probas (escritas ou orais): 60%

-Proba ou traballo de lectura: 10%

-Tarefas de casa e clase: 20%

-Traballo de expresión ou comprensión oral: 10 %

-Nestes cursos, o desconto por erros ortográficos nas probas computará do seguinte modo: -0'10 por graffa ou signo de puntuación incorrectos e -0'05 por til

-Polos anteriores erros, poderá descontarse ata un máximo de 1 punto por proba.

-Ademais, naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restarase ata 0,10.

-En caso de confinamento xustificado, manteranse as porcentaxes que acabamos de sinalar, pero o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a través da aula virtual principalmente. As probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.

● **3º e 4º de ESO:**

-Probas (escritas ou orais): 60%

-Proba ou traballo de lectura: 10%

-Tarefas de casa e clase: 20%

-Traballo de expresión ou comprensión oral: 10 %

-Nestes cursos, o desconto por erros ortográficos nas probas computará do seguinte modo: -0'15 por grafía ou signo de puntuación incorrectos e 0'15 por cada dúas tiles.

-Polos anteriores erros, poderá descontarse ata un máximo de 1,5 puntos por proba.

-Ademais, naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restarase ata 0,10.

-En caso de confinamento xustificado, manteranse as porcentaxes que acabamos de sinalar, pero o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a través da aula virtual principalmente. As probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.

-No caso daquel alumnado que non dispoña da posibilidade de seguir de maneira telemática as clases, levarase a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe mediante materiais en papel facilitados no centro, e que deberán ser devoltos nuns determinados prazos para a súa revisión ou corrección. Poderá establecerse ademais comunicación mediante ABALAR e/ou chamadas telefónicas.

Peso de cada avaliación na nota global en ESO

Caso 1: presencialidade

No caso de que o curso se desenvolva íntegramente de maneira presencial, cada avaliación terá un peso diferente na nota global do/a alumno/a, xa que consideramos que Lingua castelá é unha materia continua, polo que a última avaliación debe ter máis peso xa que nesta 3ª avaliación recóllese toda a aprendizaxe realizada ao longo do curso. Así, a porcentaxe de cada avaliación será a seguinte:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

Caso 2: confinamento ou semipresencialidade

No caso de que a situación sanitaria obrigue a desenvolver parte do curso de maneira telemática ou de maneira semipresencial, optarase ben por unha media aritmética das tres avaliacións, ben por unha nova distribución das porcentaxes que teña en conta a situación en que se levou a cabo cada unha das avaliacións.

Recuperación global en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO

En caso de que o alumno non supere a materia por avaliacións, nos cursos de 3º e 4º de ESO o profesor fará unha proba de recuperación global da materia antes da avaliación ordinaria que computará un 60%. O 40% restante extraerase do resto das súas calificacións ao longo do curso. O alumno que aínda así non supere a materia terá dereito a presentarse á convocatoria extraordinaria, na que aparecerán os contidos mínimos fixados nesta programación e na que o alumno deberá obter, polo menos, unha cualificación de cinco para superar a materia.

No caso de que a situación sanitaria derivada da pandemia COVID-19 non permita facer de forma presencial a proba de recuperación global, esta substituirase por unha proba telemática e/ou un traballo no que o alumnado deba amosar a adecuada asimilación dos contidos da materia.

2.7. Indicadores de logro

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE				
1. - ¿O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. - ¿Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. - ¿Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
4. - ¿Tomáronse medidas curriculares e organizativas para atender ó alumnado con NEAE?				
5. - ¿Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
6. - ¿Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
7. - ¿Deuse un peso real á observación do traballo na aula?				
8. - Dentro das circunstancias, ¿puido traballarse de forma cooperativa a través de estratexias de gran grupo ou de forma dixital?				

9. - ¿Ofreceuse a cada alumno as explicacións individualizadas que precisaba?				
10. - ¿Potenciáronse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
11. - ¿Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe?				
12. - ¿Comentouse co alumnado os fallos máis significativos das probas, exames, traballos, etc?				
13. - ¿Realizáronse as ACIS propostas e aprobadas?				
14. - ¿Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, etc?				
15. - ¿Empregouse de maneira eficaz e clara para o alumnado a aula virtual?				
16. -¿Organizouse de maneira adecuada a ensinanza a distancia en caso de confinamento ou semipresencialidade?				

2.8. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes

No caso dos alumnos con materias pendentes de cursos anteriores, será o profesor da materia do curso actual quen coordine os mecanismos de recuperación da materia pendente xunto coa xefatura de Departamento. O alumnado da ESO realizará unha serie de actividades vinculadas a cada un dos bloques da materia e que recollan os estándares mínimos do curso tomando como modelo as probas escritas do curso anterior para que lle sirvan ó alumno de entrenamiento e guía. Estas actividades serán revisadas polo profesor actual da asignatura ou o xefe de Departamento, quen as corraxirá e aclarará as dúbidas que se poidan presentar. A realización efectiva destas tarefas, se son entregadas na data fixada e ben traballadas, computará un 20% da cualificación da proba extraordinaria, que computará un 80%. No caso de que a súa cualificación sexa 5 ou máis, o alumno superará a materia pendente no primeiro exame fixado, xa que consideramos que a lingua é unha materia global e as probas incidirán nos estándares mínimos da materia. En caso contrario, terá que presentarse ao segundo exame, e, en caso de non superar a proba, ao terceiro exame fixado polo centro.

A xefatura de Departamento estará dispoñible nunha hora de recreo para aos alumnos que queiran consultar dúbidas ou necesiten algunha aclaración.

2.9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar en función dos resultados

Así pois, durante o primeiro mes deste curso procederase a unha avaliación inicial para todos os grupos, pero con especial atención a 1º de ESO, para a que se utilizarán estes instrumentos:

- Informes individualizados do curso anterior.
 - Proba de avaliación inicial con items variados e que recolla datos fundamentais para avaliar as súas capacidades nos distintos bloques da materia, especialmente en comprensión e expresión oral, exactitude e velocidade lectora, comprensión e expresión escrita, coñecemento da lingua, etc.
- Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará para primeiro de ESO.

De acordo co Departamento de Orientación tomaranse as medidas oportunas para que os alumnos que o precisen medidas de atención á diversidade.

2.10. Medidas de atención á diversidade

O centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos. A situación xerada pola pandemia COVID-19 fixo preciso unha remodelación das estratexias de atención á diversidade coas que antes se contaba, polo cal, actualmente, e no que se refire a nosa materia, as medidas de atención de carácter extraordinario previstas para este curso son:

- Agrupamentos en 1º, 2º e 3º de ESO (en Lingua Castelá hai en 2º en 3º de ESO).
- Reforzo educativo ordinario (adaptación de tempos, instrumentos...).
- Reforzo coa PT fora da aula de referencia en coordinación co profesorado da materia.
- Reforzo para Exentos de segunda lingua estranxeira en 1º e 2º de ESO.
- Reforzo ao alumnado con materias pendentes.
- Adaptación curricular individualizada.

Non é posible, sen embargo, por mor da situación sanitaria, a intervención da PT na aula de referencia.

No caso de que haxa algún alumno con necesidade de adaptación curricular nas avaliación iniciais, o profesorado que imparte a materia nese curso, en colaboración directa e permanente co Equipo de Orientación elaborarán dita Adaptación baséandose nos informes previos e adecuando os obxectivos educativos, seleccionando determinados estándares mínimos coa consiguiente modificación e flexibilización dos criterios de avaliación. Estas adaptacións lévanse a cabo para ofrecer un currículo equilibrado e relevante aos alumnos con necesidades educativas especiais. A experiencia con alumnado con NEE noutros cursos demostrou que o traballo unicamente con material adaptado provocaba moitas veces rexeitamento por parte do alumnado e o seu aillamento da clase cando pretendemos todo o contrario, a súa integración plena. Desta maneira, o material didáctico sería o mesmo que para todo o grupo, neste caso, o libro dixital e o material complementario que aporte o profesor, aínda que seleccionando contidos, actividades e tarefas que inciden na adquisición mínima dalgunhas competencias, especialmente da lingüística. Neste caso contaríamos co reforzo da PT, que ven dando moi bos resultados, e cun instrumento como é a AC que facilita enormemente a integración plena do alumno.

Aparte desta medida excepcional, poranse en práctica as medidas de atención á diversidade aos alumnos que presenten dificultades na adquisición das competencias, principalmente da lingüística, e non consigan acadar os estándares mínimos. Os profesores, en colaboración co Departamento de Orientación, xulgarán a conveniencia de aplicar unhas ou outras medidas correctoras nos seus respectivos grupos e ao seu debido tempo, valorando a disposición, dedicación e interese dos estudantes en aproveitar os recursos que se lles brindan.

Para alumnos que presentan as dificultades antes reseñadas, haberá un **Reforzo educativo** en 1º e 2º de ESO que levará a cabo a PT fora da aula de referencia, así como unha hora de Exención de segunda lingua estranxeira que se adicará a reforzar e organizar o estudo en xeral. Con anterioridade á

pandemia da COVID-19, a PT traballaba co alumnado dentro da aula de referencia, con moi bos resultados, pero a situación sanitaria non o permite actualmente. Asimesmo, o profesor/a do grupo levará a cabo os reforzos educativos ordinarios que considere precisos (instrumentos, tempos, actividades...). A imposibilidade de acercarse ao alumnado sen romper a distancia de seguridade complica a atención ao alumnado con máis dificultades. Este inconveniente tratará de vencerse en parte mediante o seguimento a través da aula virtual e o deseño nesta plataforma de espazos individualizados para este tipo de alumnado.

En caso de semipresencialidade ou de confinamento, a atención á diversidade pode verse perxudicada. O alumnado con mais dificultades acusa especialmente os períodos lectivos non presenciais. Co fin de garantir a continuación desta práctica tan necesaria, poderanse pór en funcionamento aqueles mecanismos tecnolóxicos que permitan unha atención individualizada do alumno: a opción de colgar recursos e tarefas de acceso restrinxido para un determinado alumno ou grupo na aula virtual, o servizo de mensaxería da aula virtual para responder dúbidas e orientar no proceso de aprendizaxe, o servizo de videochamada e/ou as chamadas telefónicas. Asimesmo, haberá unha coordinación coa PT para garantir que este tipo de alumnado continúe a recibir a atención que require e para detectar e solventar na medida do posible as súas principais dificultades.

2.11. Concreción dos elementos transversais

Na ESO é moi común que o contido de moitos textos inviten a reflexionar sobre principios, comportamentos, feitos e actitudes que deben formar parte da educación integral do individuo. Os libros de texto e as lecturas con carácter obrigatorio escollidas polo Departamento inclúen múltiples temas de carácter humano susceptibles de ser tratados dun modo transversal e complementario. Tamén se poden facer referencias a distintos temas nos días que o calendario escolar adica á paz, á igualdade entre os xéneros, etc.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.
- Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; en particular, os dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.
- Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respecto polas opinións e crenzas das outras persoas.
- Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais como sociais.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

– Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se dan na actualidade así como dos que se deron noutros períodos históricos. A linguaxe expresa as desigualdades sociais.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

– Identificación e sensibilización polos principais problemas que afectan á conservación do medio ambiente.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Conciencia das repercusións que producen no medio ambiente os refugallos de todo tipo de produtos e materiais.
- Comprensión da necesidade de consumir en función das necesidades reais individuais.

2.12. Actividades complementarias e extraescolares

A actual situación sanitaria limita as posibilidades de actividades extraescolares e complementarias, e a incertidume neste comezo de curso acerca do que poida suceder no futuro fai moi complicado elaborar un programa fiable neste apartado. Así e todo, presentamos unha serie de actividades tipo que se tratarán de levar a cabo se as circunstancias o permiten. Estas actividades realizaranse coa intención de que sirvan para comprender mellor algúns dos contidos explicados na aula. O alumnado deberá velas como unha continuación da clase e como unha parte da asignatura avaliable que pode ter tanta importancia coma a aprendizaxe de conceptos teóricos da asignatura.

As actividades que se propón realizar este Departamento para o curso 2021-2022 son as seguintes:

- Visita ao centro do autor dalgún dos libros de lectura escollidos polo departamento. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Participación nalgún concurso literario, ben externo ben convocado dentro do propio centro.
- A asistencia a algunha obra de teatro no centro ou fóra dependerá das datas, programación cultural, prezos e, sobre todo, situación sanitaria. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID-19, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.
- Actividades para conmemorar o Día do libro o 23 de abril.
- Actividades para conmemorar o Día da Poesía o 21 de marzo.
- Taller de técnicas dramatización para alumnos de Oratoria.
- Concurso de Fotorrelatos en colaboración co Departamento de Plástica.

Todas estas actividades poden ser aumentadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso en función das circunstancias que poidan xurdir no presente ano académico.

As actividades que supoñan unha saída do centro poden ser vetadas a aqueles alumnos que non tivesen un comportamento axeitado na clase ou estean pendentos dunha sanción por parte do centro. A ausencia non xustificada ás actividades complementarias gratuitas en horario lectivo será penalizada na nota da avaliación.

2.13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programación didácticas en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica serán os seguintes:

- Comentario semanal, revisión e/ou avaliación mensual polos membros do Departamento didáctico, reunidos en xuntanza formal, da marcha e execución da programación (obstáculos, dificultades, medios, procedementos, logros, entre outros). As propostas e acordos para futuras modificacións deben quedar reflectidos no Libro de Actas do Departamento.
- Comentario, revisión e avaliación trimestral dos datos xerais das sesións de avaliación con propostas que poden axudar a mellorar os resultados.
- Posta en común, análise e avaliación dos resultados dos documentos con indicadores para avaliar o proceso de ensino e práctica docente(vid. Punto 8). Os comentarios e acordos entre os membros do departamento incorporaranse ao Libro de actas.
- Intercambio de impresións con outros departamentos en función da súa afinidade docente (principalmente os Departamentos de Linguas) co obxecto de lograr a consecución dos estándares de aprendizaxe básicos para mellorar a competencia comunicativa.

2.14. Tratamento do fomento da lectura

O Departamento de Lingua castelá e Literatura fomentará a participación do alumnado dos distintos niveis no proxecto lector do centro mediante as lecturas obrigatorias e facilitando ao alumnado artigos de prensa axeitados a cada nivel, listas de libros recomendados e visitas á biblioteca.

Ademais, tamén avaliaremos os traballos dos nosos alumnos segundo un guion co que nos comprometemos todos os Departamentos: portada, índice, introdución, desenvolvemento do tema, conclusión e bibliografía.

2.15. Tratamento do fomento das TIC

Neste curso 2021-22, dado o contexto sanitario, e en previsión de posibles confinamentos ou etapas de educación semipresencial, é fundamental e de carácter obrigado o emprego das TIC como unha ferramenta cotiá e paralela ás ferramentas tradicionais. O alumnado terá que traballar dende o comezo coas aulas virtuais preparadas polo profesorado. En 1º, 2º, 3º e 4º de ESO empregárase EDIXGAL e libro dixital, e en 1º e 2º de Bacharelato as aulas Moodle propias do noso IES. Os alumnos de 1º a 4º de ESO dispoñen do ordenador portátil EDIXGAL, co que poden traballar tanto na aula como na casa. Nesta etapa utilizarase o libro dixital. Cada profesor decidirá sobre o uso dos ordenadores nas aulas, procurando sacar o máximo rendemento posible dos recursos. Asimesmo, se é preciso, contarase coas aulas de informática.

As aulas virtuais serán para o alumnado unha plataforma con múltiples funcionalidades. Poderá servir de soporte de contidos, como un libro de texto, lugar de entrega de tarefas, espazo de discusión (a través dos foros), e canle para a comunicación co profesorado (segundo as circunstancias, poderán plantexar dúbidas, suxerencias, etc, a través do servizo de mensaxería da aula).

Aproveitaranse estes recursos para que o alumnado desenvolva o mais que poida aqueles recursos tecnolóxicos vinculados coa materia (procesador de textos, elaboración de presentacións, dicionarios dixitais, búsqueda e tratamento de información en internet...).

3. PROGRAMACIÓN DE ORATORIA

3.1. Obxectivos para Oratoria

Os obxectivos son referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. A partir dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria, establécense os seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

g) Comprender e expresar oralmente con corrección nas dúas linguas da nosa comunidade, lingua galega e castelá, creando textos e mensaxes de pouca dificultade.

h) Facer da lectura en voz alta unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.

3.2. Estándares de aprendizaxe avaliáveis

Os estándares de aprendizaxe son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

O grao mínimo de consecución para cada estándar de aprendizaxe descríbese nunha escala de 0 a 4 co seguinte significado:

0: Non adquirido

1: En vías de adquisición.

2: Adquirido.

3: Avanzado.

Véase o apartado 6 para unha concreción dos estándares.

3.3. Concrecións metodolóxicas da materia

A metodoloxía didáctica é o conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados. Abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes. O enfoque metodolóxico susténtase en “situacións de aprendizaxe”, que incorporan tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si sós.

Analizando as orientacións xerais de cada etapa e as específicas para a materia en cada curso, extráense un conxunto de principios que garantizan a coherencia entre cursos e tramos do Proxecto Educativo que serán os que guíen o noso labor docente:

- a) Impulsar o nivel de desenvolvemento do alumno.
- b) Promover o desenvolvemento das competencias clave.
- c) Favorecer a transferencia e a conexión entre os contidos.
- d) Estimular a cooperación

Por iso, os currículos actuais, aínda destacando a vertente conceptual dos contidos, inciden na importancia da adquisición de referentes do seguinte tipo:

- Ferramentas de traballo instrumental (análises, esquemas, búsqueda e selección de información significativa).
- Habilidades e destrezas de relación interpersoal. A situación creada pola COVID dificulta a posta en práctica de actividades que fomentaban estas habilidades, como os traballos en equipo. Aínda así, aproveitaranse os momentos de traballo en gran grupo (debates, exposicións, intervencións, diálogos) para continuar a traballar o máximo posible estas habilidades respetando as medidas de seguridade do protocolo COVID.
- Habilidades integradoras que articulen estratexias de aprendizaxe autónoma.

Considerando que a finalidade global de Oratoria é a mellora da competencia comunicativa do alumnado,, todo o traballo nesta materia debe orientarse a afianzar e desenvolver as capacidades comprensivas e expresivas do alumnado.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa baséanse nunha **metodoloxía activa** na que os alumnos participen no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza aprendizaxe e que se caracteriza por:

- Atender as diferenzas do alumnado con actividades de exercitación, ampliación e reforzo, tendo en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Traballar a lectura e escoita comprensiva, xa que consideramos básico afianzar esta destreza, fundamental non só para esta materia, senón para todas as demais.
- Estratexias de aprendizaxe cooperativa. No marco da situación pandémica, non é posible o traballo en equipo seguindo os procedementos de anteriores cursos. Polo tanto, buscarase a forma de abrir tempos de cooperación nas clases traballando en gran grupo coa intervención e participación colaborativa do alumnado, respetando as medidas de seguridade do protocolo COVID. Buscarase tamén a forma de permitir a cooperación entre alumnos mediante ferramentas dixitais.
- Participación en Proxectos por tarefas.
- O feito de que practicamente todos os contidos sexan desenvolvidos mediante actividades, fundamentalmente de comprensión e produción, facilita que os alumnos exerzan a súa comptencia en comunicación e que o profesor saiba en cada momento como foron asimilados polo alumno, de forma que poida introducir inmediatamente cantos cambios sexan precisos para corrixir as desviacións producidas no proceso educativo.

No contexto da pandemia COVID, ademais, potenciarase o uso de ferramentas dixitais e da aula virtual, de maneira que as actividades desenvoltas por esta vía respeten na medida do posible os principios máis arriba indicados. En condicións de presencialidade, o alumnado habituarase a traballar de maneira cotiá na aula virtual, que será a principal canle educativa en caso de confinamento.

3.4. *Materiais e recursos didácticos*

- Caderno de traballo do alumno/a. En caso de confinamento ou semipresencialidade, ou se a situación sanitaria dificulta a revisión do caderno, poderase solicitar ao alumnado que suba á aula virtual fotografías de tarefas feitas no caderno ou que faga tarefas a través do procesador de textos, que funcionaría entón como un caderno virtual.
- Fotocopias cos contidos teóricos e prácticos da materia elaborados pola profesora responsable da docencia do curso, dado que non se traballa con libro de texto. Este material é gratuito e será posto a disposición do alumnado ao tempo que se expoñen os novos contidos. Dependendo da situación sanitaria, poderá reducirse ou eliminarse o material en papel e substituírse por materiais dixitais.
- Textos tirados de xornais e revistas como material fundamental para desenvolver múltiples actividades de lectura e de opinión, recollida de información para elaborar debates de temas actuais, análise da linguaxe dos propios medios,...
- Lectura e consulta de diferentes libros de narrativa, teatro e poesía das diversas etapas da nosa literatura, ademais de traducións de obras doutras literaturas.
- Dicionarios de aula (lexicográficos, sinónimos/antónimos, etimolóxicos, dicionarios de uso...) e dicionarios en rede.

- Biblioteca do instituto.
- Recursos informáticos: ordenador, pizarra dixital.

AULAS VIRTUAIS

Na actual situación será fundamental o emprego da aula virtual, tanto na educación presencial coma, por suposto, nos casos de semipresencialidade ou de confinamento. As aulas virtuais serán para o alumnado unha plataforma con múltiples funcionalidades. Poderá servir de soporte de contidos, como un libro de texto, lugar de entrega de tarefas, espazo de discusión (a través dos foros), e canle para a comunicación co profesorado (segundo as circunstancias, poderán plantexar dúbidas, suxerencias, etc, a través do servizo de mensaxería da aula). De aí que dende o comezo do curso acostumarase ao alumnado para que incorpore este recursos na súa práctica diaria, igual que un caderno ou un libro de texto.

Mentres que nunha situación de presencialidade a aula virtual será un complemento ao traballo feito na aula física, en caso de semipresencialidade haberá días no que esta constitúa a canle principal do proceso educativo, e en caso de confinamento será sempre o principal mecanismo de comunicación, de traballo e de regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. Con todo, poderá combinarse con outros recursos, como a videochamada.

3.5. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, análise do proceso de ensinanza e da práctica docente e análise do propio Proxecto Curricular. Esta perspectiva da avaliación responderá aos principios de ser continua, formativa e sumativa:

- *Avaliación continua*, dado que atende á aprendizaxe coma un proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Unha primeira fase inclúe a **avaliación inicial** de carácter individualizado, que se realizará ao inicio de curso en cada grupo e que aporta datos sobre o punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, datos que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía axeitada;
- en segundo lugar, unha *avaliación formativa* que concede importancia á evolución ó longo do proceso, aportando unha visión das dificultades e progresos de cada caso,
- e, finalmente, unha *avaliación sumativa* que establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Seguirase a avaliación a través de varios mecanismos ou procedementos:

- **Observación na aula** das actividades habituais, acompañada do seguimento, supervisión e corrección continua e inmediata; da participación e integración no grupo, o traballo na aula e na casa, as prácticas de expresión oral, a presentación dos traballos escritos, o progreso na lectura e exposición

oral individual (dicción, entonación, práctica xestual, confianza no discurso propio...), o avance na comprensión e expresión oral e escrita e as actitudes positivas cara a adquisición de hábitos de traballo intelectual. En caso de confinamento ou semipresencialidade, a observación na aula terá como referencia a participación do alumnado na aula virtual (foros, mensaxes, entrega de tarefas na plataforma, etc.).

- Terase en conta a posibilidade da **autoavaliación e co-avaliación** para que cada alumno e alumna controle a propia aprendizaxe, xulgando a súa competencia.
- Cómpre poñer especial coidado na **recollida de datos** que serán considerados pertinentes para a valoración xusta e adecuada de cada alumno e alumna. Resultará necesario reflectir en *fichas individuais* todo tipo de anotacións (referidas aos bloques de contidos do currículo), pensando especialmente naqueles aspectos que resultan difíciles de avaliar mediante probas de exame, senón que serán avaliadas ao longo de todo o curso. Estámonos referindo a aspectos como, por exemplo, a corrección lectora e escrita, a superación de prexuízos lingüísticos, a actitude respectuosa no uso da palabra durante as sesións de clase, respecto aos compañeiros e compañeiras, ao profesorado e ao material en xeral, e tantas outras cuestións especialmente referidas ás actitudes que van ser avaliadas, ao mesmo nivel cós conceptos e os procedementos.

Os criterios de cualificación son os seguintes:

- En cada trimestre a nota final da avaliación terá en conta:

70% - Práctica de expresión oral

15% - Traballo diario

15% - Comportamento e actitude

-En caso de confinamento xustificando manteranse estas mesmas porcentaxes, pero:

- ⑩ A práctica de expresión oral poderase levar a cabo a intervención oral mediante o envío de arquivos de audio ou vídeo ou mediante videoconferencia.
- ⑩ O seguimento do traballo diario farase fundamentalmente a través da aula virtual.
- ⑩ O comportamento e a actitude valorarase segundo a actividade do alumnado na aula virtual (tarefas, foros, servizo de mensaxería...)

Práctica de expresión oral:

- Conformarán un **mínimo de tres e un máximo de cinco probas orais individuais e grupais** por trimestre.
- Serán avaliadas mediante rúbricas.

Traballo diario:

- No traballo diario inclúense os exercicios prácticos que se realizarán na aula: debates, coloquios, prácticas de conversa , recitados, entrevistas, exposicións ,etc.

Comportamento e actitude:

Espérase por parte do alumnado unha actitude positiva cara a materia, valorándose a súa participación voluntaria nas actividades, o seu interese e a súa vontade e disposición para corrixir erros.

3.6. Concreción para cada estándar de aprendizaxe

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
• Bloque 1. O discurso persuasivo					
B.1.1. Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.1.2. Explica a intención do discurso.	Todo o curso	2	Observación na aula	CCL
	ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL CAA
	ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
B.1.2. escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.	ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL CAA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
● Bloque 1. O discurso persuasivo					
	ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor	Todo o curso	2	Observación na aula	CCL

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo					
B2.1. Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.	ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.	Todo o curso	2	Observación na aula	CCL
B2.2. Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL CSC
	ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL CSC
	ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.	Todo o curso		Observación na aula	CCL CAA
B2.3. Identificar e manexar fontes documentais.	ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
	ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acáidas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL
B2.4. Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso.	Todo o curso	1	Observación na aula	CCL CD CAA
	ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.	Todo o curso	2	Observación na aula	CCL CMCCT CD CAA
B2.5. Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.	ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha	Todo o curso	2	Observación na aula	CCL CMCCT

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
	proposta persoal e orixinal.				CAA CCEC
B2.6. Empregar recursos propios da argumentación.	ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL

	ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.	3º trimestre	3	Observación na aula	CCL CAA
B2.8. Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA
	ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA CCEC
B2.9. Realizar o proceso de revisión do texto.	ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación.	3º trimestre	3	Observación na aula	CCL CAA
	ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.	Todo o curso	3	Observación na aula	CCL CD CAA

Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo					
B3.1. Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.	2º trimestre	3	Observación na aula	CCL CMCCT CAA
B3.2. Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.	2º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA CSIEE
B3.3. Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.	ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA CSC CSIEE

Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo					
B3.4. Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público.	ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público.	2º e 3º trimestre	3	Observación na aula	CSIEE
	ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CSC
B3.5. Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia.	2º e 3º trimestre	3	Observación na aula	CCL
	ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA
	ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA
B3.6. Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados.	3º trimestre	2	Observación na aula	CCL CAA
	ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.	3º trimestre	3	Observación na aula	CCL
B3.7. Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.	2º e 3º trimestre	3	Observación na aula	CCL CD CAA CCEC

Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional					
B4.1. Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.	ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo.	2º e 3º trimestre	2	Observación na aula	CAA CSC CCEC
	ORB4.1.2. Identifica as estratexemas que terxiversan a información.	3º trimestre	2	Observación na aula	CAA CSC
B4.2. Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con	ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios.	3º trimestre	2	Observación na aula	CSC CSIEE

Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación	Competencias clave
respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.	ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.	3º trimestre	2	Observación na aula	CSC CSIEE
B4.3. Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.	ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso.	2º e 3º trimestre	2	Observación na aula	CSC
	ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas.	Todo o curso	4	Observación na aula	CAA CSIEE
	ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.	2º e 3º trimestre	3	Observación na aula	CAA CSC CSIEE

3.7. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, grupo, etc.	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade.	Nalgunhas unidades.	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Adaptación a situacións de confinamento ou de semipresencialidade	Non houbo adaptación	Houbo unha adaptación deficiente	Houbo unha adaptación suficiente para que o alumnado seguise o curso a distancia	Houbo unha adaptación completa que permitiu manter na distancia, e na medida do posible, os requisitos do proceso de ensino-aprendizaxe tal e como figuran nesta programación

3.8. Organización de actividades de seguimento e avaliación das materias pendentes

Non é relevante nesta materia de libre configuración.

3.9. Plan de seguimento do alumnado repetidor

Non é relevante nesta materia de libre configuración.

3.10. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se utilizarán algúns destes instrumentos:

- Breve presentación inicial sobre vida, afeccións e gustos.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada sesión.
- Proba de lectura para comprobar a fluidez, a dicción e a entonación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando textos adecuados ao curso.
- Capacidade xeral de comunicación.
- Nivel de autoestima e confianza no discurso propio.
- Capacidade de razoamento e posta en relación de ideas.
- Capacidade de improvisación de discurso.

Esta avaliación inicial permitirá saber o grao de heteroxeneidade entre o alumnado e a aplicación dunha metodoloxía adecuada a cada caso individual.

3.11. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse as recollidas no Plan anual de atención á diversidade.

3.12. Concreción dos elementos transversais

1. Comprensión lectora, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, tecnoloxías da información e da comunicación, emprendemento, e educación cívica e constitucional
2. Igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade; rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, respecto ao Estado de dereito, respecto e consideración ás vítimas do terrorismo, e prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia; a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da

violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico; os comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero; visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. Creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

4. Educación e seguridade viaria.

Todos e cada un destes elementos transversais serán traballados nesta materia a través de textos escritos (fundamentalmente persuasivos), discursos orais, debates e posta en común de ideas.

3.13. Actividades complementarias e extraescolares do departamento

Ao longo do curso, o alumnado participará en varias actividades para complementar a súa formación. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- Conmemoración do Día da Poesía, que se celebra no centro o día 24 de febreiro. O alumnado será incentivado para participar nesta actividade poñendo en práctica as técnicas de dicción e expresión oral traballadas na aula.
- Conmemoración do Día do Libro, fomentárase igualmente a participación dos alumnos e alumnas para facer lecturas dramatizadas durante esta celebración.
- Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.

3.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en función dos resultados académicos e procesos de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica serán os seguintes:

- Comentario semanal, revisión e/ou avaliación mensual polos membros do Departamento didáctico, reunidos en xuntanza formal, da marcha e execución da programación (obstáculos, dificultades, medios, procedementos, logros, entre outros). As propostas e acordos para futuras modificacións deben quedar reflectidos no Libro de Actas do Departamento.
- Comentario, revisión e avaliación trimestral dos datos xerais das sesións de avaliación con propostas que poden axudar a mellorar os resultados.
- Posta en común, análise e avaliación dos resultados dos documentos con indicadores para avaliar o proceso de ensino e práctica docente (vid. Punto 8). Os comentarios e acordos entre os membros do departamento incorporaranse ao Libro de actas.
- Intercambio de impresións con outros departamentos en función da súa afinidade docente (principalmente os Departamentos de Linguas) cós obxectos de lograr a consecución dos estándares de aprendizaxe básicos para mellorar a competencia comunicativa.

4. PROGRAMACIÓN DE BACHARELATO

4.1. *Introdución e contextualización*

Véxase o apartado 1 da programación da ESO.

4.2. *Contribución ao desenvolvemento das competencias clave*

Véxase o apartado 2 da programación da ESO.

4.3. *Obxectivos*

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4.4. Concrecións para cada estándar de aprendizaxe

Cada estándar de aprendizaxe aparece asociado ao seu correspondente criterio de avaliación e ás competencias claves que desenvolve. Os estándares considerados mínimos aparecen sombreados. O grao de consecución destes estándares establececese numericamente co seguinte valor: **1** (nunca ou algunha vez), **2** (ás veces), **3** (na maioría das veces), **4** (sempre). A ponderación establécese sobre os bloques nos que divide a materia, de acordo coas seguintes porcentaxes:

- Bloque de comunicación oral: 10%
- Bloque de expresión escrita: 20%
- Bloque de coñecemento da lingua: 40%
- Bloque de Literatura: 30%

Consideramos que como a lingua é unha materia continua, a meirande parte destes estándares trabállanse ó longo de todo o curso, como se verá nas táboas. Hai, sen embargo, algúns que ubicamos nun trimestre determinado do curso. En caso de confinamento ou semipresencialidade, o ritmo do curso pode variar. O normal é que en situación de confinamento, e segundo as circunstancias, o alumnado requira de máis tempo para a realización de tarefas e a asimilación de contidos. Por este motivo, de ter que afrontar esta situación, darase prioridade aos estándares mínimos (sombreados), que consideramos imprescindibles para a adquisición das competencias clave. Os instrumentos de avaliación aparecen especificados para cada estándar. Os contidos aparecen implícitos nos criterios de avaliación, xa que estes describen aquilo que se debe valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en competencias como en coñecementos. Así, os contidos serán os mesmos que os criterios de avaliación pero enunciados cun sustantivo.

1º BACHARELATO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR



Craterios de avalia- ción	Estándares de aprendizaxe	Compe- tencias clave	Grao mínimo de consecución	Tem- poralización	Instrumentos de avaliación
B1.1. Expor oralmente un tema especializado con rigor e claridade, documentándose en fontes diversas, organizando a información mediante esquemas, seguindo unha orde prestablecida e utilizando as técnicas da exposición oral e as tecnoloxías da información e comunicación	LCL1B1.1.1. Realiza exposicións orais sobre temas especializados, consultando fontes de información diversa, utilizando as tecnoloxías da información e seguindo unha orde previamente establecida.	• CD	3	Todo o curso	Observación na aula
	LCL1B1.1.2. Exprésase oralmente con fluidez, coa entonación, o ton, timbre e a velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	• CCL	3	Todo o curso	Rúbricas para avaliar a exposición oral
	LCL1B1.1.3. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa empregando un léxico preciso e evitando o uso de coloquialismos.	• CCL	3	Todo o curso	
	LCL1B1.1.4. Avalía as súas propias presentacións e as dos/das seus/súas compañeiros/as e diseña estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.	• CCL	2	Todo o curso	

<p>B1.2. Sintetizar por escrito o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo sobre temas especializados, conferencias, clases, charlas, discriminando a información relevante da accesoria e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos</p>	<p>LCL1B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo e argumentativo, de temas especializados e propios do ámbito educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCA 	3	curso	Todo o	<p>escritas</p> <p>Rúbricas Probas orais e</p>
	<p>LCL1B1.2.2. Recoñece as formas de organización de contido nunha exposición oral sobre un tema especializado propio do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	2	curso	Todo o	
	<p>LCL1B1.2.3. Escoita de xeito activo, toma notas e suscita preguntas cós intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	2	curso	Todo o	
<p>B1.3. Extraer información de textos orais e audiovisuais dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica o seu contido.</p>	<p>LCL1B1.3.1. Recoñece os trazos propios dos principais xéneros informativos de opinión procedentes dos medios de comunicación social.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	3	curso	Todo o	<p>escritas</p> <p>Rúbricas Probas orais e</p> <p>Observación na aula</p>
	<p>LCL1B1.3.1. Analiza os recursos verbais e non verbais utilizados polo emisor dun texto xornalístico oral ou audiovisual, valorando de forma crítica o seu contido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	3	curso	Todo o	

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Tem-poralización	Instrumentos de avaliación
-------------------------	---------------------------	--------------------	----------------------------	------------------	----------------------------




<p>B2.1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, enumeración, ordenación cronolóxica, etc.) e utilizando os recursos expresivos adecuados ás circunstancias da situación comunicativa.</p>	<p>LCL1B2.1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e ortográfica.</p> <p>LCL1B2.1.2. Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa, empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos, retrousos e palabras comodín.</p> <p>LCL1B2.1.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos seus compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CAA 	<p>3</p> <p>3</p> <p>2</p>	<p>curso</p> <p>curso</p> <p>curso</p>	<p>Todo o</p> <p>Todo o</p> <p>Todo o</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Rúbricas de avaliación de textos escritos</p>
<p>B2.2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado, discriminando a información relevante e accesoria, e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos</p>	<p>LCL1B2.2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo e argumentativo de tema especializado, propios do ámbito educativo ou de divulgación científica e cultural, e identifica o tema e a estrutura.</p> <p>LCL1B2.2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo de tema especializado, propios do ámbito educativo, distinguindo as ideas principais das secundarias.</p> <p>LCL1B2.2.3. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes nun texto expositivo e argumentativo de tema especializado e valóraos en función dos elementos da situación comunicativa (intención, tema e xénero textual).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CSC 	<p>3</p> <p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>curso</p> <p>curso</p>	<p>Todo o</p> <p>Todo o</p> <p>Todo o</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Rúbricas</p> <p>Observación na aula</p> <p>Probas escritas e orais</p>

<p>B2.3. Ler, comprender e interpretar textos xornalísticos e publicitarios de carácter informativo ou de opinión, recoñecendo a intención comunicativa, identificando os trazos propios do xénero e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando críticamente a súa forma e contido.</p>	<p>LCL1B2.3.1 Resume o contido de textos xornalísticos escritos informativos e de opinión, discriminando a información relevante, recoñecendo o tema e a estrutura do texto, e valorando críticamente a súa forma e o seu contido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o</p>	<p> Probas escritas  Rúbricas</p>
	<p>LCL1B2.3.2 Interpreta diversos anuncios impresos identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir ó receptor, valorando críticamente a súa forma e contido e rexeitando as ideas discriminatorias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	<p>2</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o</p>	

<p>B2.4 Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica e cultural, planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, a súa avaliación e a súa mellora.</p>	<p>LCL1B2.4.1. Realiza traballos de investigación planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, organizando a información e revisando o proceso de escritura para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	2	curso	Todo o	<ul style="list-style-type: none"> 📄 Rúbricas 📄 Traballos individuais e grupais 📄 Probas escritas
	<p>LCL1B2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse, consultando fontes diversas e avaliando, contrastando seleccionando e organizando a información para mellorar o produto final e chegando a conclusións persoais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD 	3	curso	Todo o	
	<p>LCL1B2.4.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos (organización en epígrafes, procedementos de cita, notas á pé de páxina e bibliografía).</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	curso	Todo o	
	<p>LCL1B2.4.4. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a realización, a avaliación e a mellora de textos escritos propios e alleos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD 	3	curso	Todo o	

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencias clave</p>	<p>Grao mínimo de consecución</p>	<p>Temporalización</p>	<p>Instrumentos de avaliación</p>
<p>B3.1. Aplicar sistemáticamente os coñecementos sobre as categorías gramaticais na realización, autoavaliación e mellora dos textos orais e escritos tomando conciencia da importancia do coñecemento gra-</p>	<p>LCL1B3.1.1. Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	curso	<ul style="list-style-type: none"> 📄 Probas orais e escritas – Rúbricas
	<p>LCL1B3.1.2. Utiliza a termino-</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	curso	

<p>matal para o uso correcto da lingua.</p>	<p>loxía gramatical adecuada para a explicación lingüística</p>			<p>curso</p>	
<p>B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronome, determinate, adverbio, preposición e conxunción) e explicar os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>LCL1B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores do substantivo nun texto, en relación coa tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	<p>– Probas orais e escritas – Rúbricas</p>
	<p>LCL1B3.2.2. Identifica e explica os usos e valores do adxectivo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	
	<p>LCL1B3.2.3. Identifica e explica os usos e valores do verbo nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	
	<p>LCL1B3.2.4. Identifica e explica os usos e valores de determinantes e pronomes nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	
	<p>LCL1B3.2.5. Identifica e explica os usos e valores de adverbios, preposicións e conxuncións nun texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	
<p>B3.3. Aplicar progresivamente os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora de</p>	<p>LCL1B3.3.1. Recoñece a estrutura sintáctica da oración simple, explicando a relación entre os grupos de palabras.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso Todo o curso</p>	<p>alumno  Probas escritas  Caderno do  Rúbricas</p>
		<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>		

Programación de Lingua castelá e Literatura. IES PINO MANSO

textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.

LCL1B3.3.2. Recoñece as oracións activas, pasivas e impersonais, contrastando as diferenzas entre elas en función da intención comunicativa do texto en que aparecen.

• CCL 3






LCL1B3.3.3. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas substantivas en relación co verbo da oración principal.






• CCL 3



LCL1B3.3.4. Recoñece e explica o funcionamento das oracións subordinadas de relativo, identificando o antecedente que modifican.

• CCL 3

LCL1B3.3.5. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando progresivamente estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e mellora destes.

<p>B3.4. Recoñecer os trazos propios das tipoloxías textuais identificando a súa estrutura e os trazos lingüísticos máis importantes en relación coa intención comunicativa.</p>	<p>LCL1B3.4.1. Recoñece e explica os trazos estruturais e lingüísticos dos textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.</p> <p>LCL1B3.4.2. Analiza e explica os trazos formais dun texto nos planos morfosintáctico, léxico-semántico e pragmático-textual, relacionando o seu emprego coa intención comunicativa do emisor e o resto de condicións da situación comunicativa.</p>	<p>• CCEC</p> <p>• CCL</p>	<p>3</p> <p>2</p>	<p>curso Todo o</p> <p>curso Todo o</p>	<p> Probas escritas</p> <p> Trabalos individuais e grupais</p> <p> Rúbricas</p>
<p>B3.5. Aplicar os coñecementos adquiridos para a</p>	<p>LCL1B3.5.1. Incorpora os procedementos de cohesión textual na súa</p>	<p>• CCL</p>	<p>3</p>	<p>curso Todo o</p>	<p> Probas escritas</p> <p> Rúbricas</p>

<p>elaboración de discursos orais ou escritos con adecuada coherencia e cohesión.</p>	<p>propia produción oral e escrita.</p> <p>LCL1B3.5.2 Identifica, analiza e interpreta as formas gramaticais que fan referencia ao contexto temporal e espacial e aos participantes na comunicación.</p> <p>LCL1B3.5.3 Valora os recursos expresivos empregados polo emisor dun texto en función da súa intención e situación comunicativa, diferenciando e explicando as marcas de obxectividade e subxectividade, e os procedementos gramaticais de inclusión do emisor no texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>curso</p>	<p>Todo o</p> <p>Todo o</p>	
<p>B3.6. Coñecer e manexar fontes de información impresa e dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>	<p>LCL1B3.6.1. Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas sobre o uso correcto da lingua e para avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CD 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o</p> <p>aula</p>	<p> Observación na</p>
<p>B3.7 Coñecer a orixe e evolución das linguas en España e as súas principais variedades dialectais, recoñecendo e explicando os seus trazos característicos en manifestacións orais e escritas, e valorando a diversidade lingüística como parte do patrimonio cultural do noso país.</p>	<p>LCL1B3.7.1. Explica, a partir dun texto, a orixe e evolución das linguas de España, así como as súas principais variedades dialectais, e valora a diversidade lingüística como parte do noso patrimonio cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	<p>1</p>	<p>3ª avaliación</p>	<p>alumno</p>	<p> Probas escritas</p> <p> Caderno do</p>
<p>B3.8. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua, amosando interese por ampliar o seu propio repertorio verbal e evitar os prexuízos e</p>	<p>LCL1B3.8.1. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos comunicativos que esixen un uso formal da lingua, evitando coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o</p> <p>aula</p> <p>escritas</p>	<p> Observación na</p> <p> Probas orais e</p>

estereotipos lingüísticos.	LCL1B3.8.2. Explica, a partir dos textos, a influencia do medio social no uso da lingua, e identifica e rexeita os estereotipos lingüísticos que supoñen unha valoración pexorativa.	• CSC	3	Todo o curso	
B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos e culturais.	LCL1B3.9.1. Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	• CCL • CAA	2	Todo o curso	- Traballos individuais e grupais.
B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e produción textual.	LCL1B3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	• CAA	2	Todo o curso	 Observación na aula  Probas orais e escritas

BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA


Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución	Temporalización	Instrumentos de avaliación
B4.1. Realizar o estudo das obras máis representati-	LCL1B4.1.1. Le e analiza fragmentos e obras significativas desde a	• CCEC	3	Todo o curso	- Probas de lectura

<p>vas da literatura española desde a Idade Media ata o século XIX a través da lectura e a análise de fragmentos e obras significativas.</p>	<p>Idade Media ao século XIX.</p>				
<p>B4.2. Ler e analizar fragmentos ou obras completas significativas desde a Idade Media ao século XIX, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence a obra, constatando a evolución histórica de temas e formas.</p>	<p>LCL1B4.2.1. Identifica as características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence a obra do autor.</p> <p>LCL1B4.2.2. Compara textos de diferentes épocas e constata a evolución de temas e formas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CCEC 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Probas orais e escritas</p>
<p>B4.3 Interpretar críticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.</p>	<p>LCL1B4.3.1. Interpreta críticamente fragmentos ou obras significativas desde a Idade Media ao século XIX.</p> <p>LCL1B4.3.2. Detecta as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCEC • CCEC 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Traballos individuais e grupais</p>
<p>B4.4. Planificar e elaborar textos de intención literaria, traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura desde a Idade Media ata o século XIX, obtendo a información de fontes diversas e achegando un xuízo crítico persoal e argumentado con rigor.</p>	<p>LCL1B4.4.1. Planifica a elaboración de traballos de investigación escritos ou presentacións sobre temas, obras ou autores da literatura desde a Idade Media ata o século XIX.</p> <p>LCL1B4.4.2. Obtén a información de fontes diversas.</p> <p>LCL1B4.4.3. Argumenta con rigor o seu propio xuízo crítico.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CD • CCL 	<p>3</p> <p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Traballos individuais e grupais</p>

2º BACHARELATO

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Tem-poralización	Instrumentos de avaliación
B1.1. escoitar de forma activa e analizar textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, identificando os trazos propios do seu xénero, relacionando os aspectos formais do texto coa intención comunicativa do emisor e o resto dos factores da situación comunicativa.	LCL2B1.1.1. Recoñece as formas de organización do contido nunha argumentación oral, analizando os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e valorándoos en función dos elementos da situación comunicativa. LCL2B1.1.2. Analiza os recursos verbais e non verbais presentes en textos orais argumentativos e expositivos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os aspectos formais e expresivos coa intención do emisor, o xénero textual e o resto dos elementos da situación comunicativa.	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL 	2 3	Todo o curso Todo o curso	Observación na aula Rúbricas para avaliar a exposición oral
B1.2. Sintetizar o contido de textos orais de carácter expositivo e argumentativo do ámbito educativo (conferencias, clases, charlas) discriminando a información relevante e accesoria e utilizando a escoita activa como un medio de adquisición de coñecementos.	LCL2B1.2.1. Sintetiza por escrito textos orais expositivos e argumentativos, identificando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir ó receptor, valorando críticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	3	Todo o curso	
B1.3. Extraer información de textos orais xornalísticos	LCL2B1.3.1. Interpreta diversos anuncios sonoros e audiovisuais, identi-	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	3	Todo o curso	Rúbricas Probas orais e escritas




<p>e publicitarios dos medios de comunicación, recoñecendo a intención comunicativa, o tema e a estrutura do contido, identificando os trazos propios do xénero xornalístico e os recursos verbais e non verbais utilizados, e valorando de forma crítica a súa forma e o seu contido.</p>	<p>cando a información e a persuasión, recoñecendo os elementos que utiliza o emisor para seducir ó receptor, valorando críticamente a súa forma e o seu contido, e rexeitando as ideas discriminatorias.</p>				<p>na aula  Observación</p>
<p>B1.4. Realizar unha presentación educativa oral sobre un tema controvertido, contrapondo puntos de vista enfrontados, defendendo unha opinión persoal con argumentos convincentes e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora</p>	<p>LCL2B1.4.1. Planifica, realiza e avalía presentacións educativas de forma individual ou en grupo sobre un tema polémico de carácter educativo ou de actualidade social, científica ou cultural, analizando posturas enfrontadas e defendendo unha opinión propia mediante argumentos convincentes.</p> <p>LCL2B1.4.2. Compila información e apoios audiovisuais e gráficos, consultando fontes de información diversa e utilizando correctamente os procedementos de cita.</p> <p>LCL2B1.4.3. Clasifica e estrutura a información obtida, elaborando un guión da presentación.</p> <p>LCL2B1.4.4. Expresase oralmente con claridade, precisión e corrección, axustando a súa actuación verbal e non verbal ás condicións da situación comunicativa e utilizando os recursos expresivos propios do rexistro formal.</p> <p>LCL2B1.4.5. Avalía as súas presentacións orais e as dos/as seus/ súas compañeiros/as, detectando as dificultades estruturais e expresivas, e deseñan-</p>	<p>T</p> <ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC • CD • CMCC • CCL • CAA 	<p>3</p> <p>2</p> <p>3</p> <p>3</p> <p>2</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>- Rúbricas para avaliar exposicións orais</p>

	do as estratexias para mellorar as súas prácticas orais e progresar na aprendizaxe autónoma.				
--	--	--	--	--	--




BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de mínimo consecución	Temporalización	Instrumentos de avaliación
<p>B2.1. Comprender e producir textos expositivos e argumentativos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención do emisor, resumindo o seu contido, diferenciando a idea principal e explicando o modo de organización.</p>	<p>LCL2B2.1.1. Comprende o sentido global de textos escritos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando a intención comunicativa do emisor e a súa idea principal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	<p>Todo o curso</p>	<p>📄 Probas escritas</p> <p>📄 Rúbricas de avaliación de textos escritos</p>
	<p>LCL2B2.1.2. Sintetiza textos de carácter expositivo e argumentativo propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, diferenciando as ideas principais das secundarias.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	3	<p>Todo o curso</p>	
	<p>LCL2B2.1.3. Analiza a estrutura de textos expositivos e argumentativos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os tipos de conectores e organizadores da información textual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	2	<p>Todo o curso</p>	
	<p>LCL2B2.1.4. Produce textos expositivos e argumentativos propios usando o rexistro adecuado á intención comunicativa, organizando os enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas ortográficas e gramaticais, e revisa a súa produción escrita para melloralala.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	<p>Todo o curso</p>	



<p>B2.2. Escribir textos expositivos e argumentativos propios do ámbito educativo con rigor, claridade e corrección, empregando argumentos adecuados e convincentes, e axustando a súa expresión á intención comunicativa e ao resto das condicións da situación comunicativa.</p>	<p>LCL2B2.2.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, aplicando os coñecementos gramaticais e pragmáticos para mellorar a expresión escrita.</p> <p>LCL2B2.2.2. Nas súas producións escritas axusta a súa expresión ás condicións da situación comunicativa (tema, ámbito, tipo de destinatario, xénero textual, etc.) empregando os recursos expresivos propios do rexistro formal e evitando o uso de coloquialismos.</p> <p>LCL2B2.2.3. Avalía as súas propias producións escritas e as dos/das seus/súas compañeiros/as, recoñecendo as dificultades estruturais e expresivas, recorrendo a obras de consulta tanto impresas como dixitais para a súa corrección, e deseñando estratexias para mellorar a súa redacción e avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL • CAA 	<p>3</p> <p>3</p> <p>2</p>	<p>curso</p> <p>curso</p> <p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Rúbricas</p> <p>Observación na aula</p> <p>Probas escritas e orais</p>
<p>B2.3. Realizar traballos individuais ou en grupo sobre temas polémicos do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, planificando a súa realización, contrastando opinións enfrontadas, defendendo unha opinión persoal e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.</p>	<p>LCL2B2.3.1. Realiza traballos educativos individuais ou en grupos sobre un tema controvertido do currículo ou da actualidade social, cultural ou científica, planificando a súa realización, fixando os seus propios obxectivos, contrastando posturas enfrontadas e organizando e defendendo unha opinión propia mediante distintos tipos de argumentos.</p> <p>LCL2B2.3.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse consultando fontes</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE • CD 	<p>3</p> <p>2</p>	<p>curso</p> <p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p> <p>Probas escritas</p> <p>Rúbricas</p>

	<p>diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante mediante fichas resumo.</p> <p>LCL2B2.3.3. Respecta as normas de presentación de traballos escritos: organización en epígrafes, procedementos de cita, notas a pé de páxina, bibliografía, etc.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	<p>curso</p> <p>Todo o</p>	
<p>B2.4. Analizar textos escritos argumentativos e expositivos propios dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, identificando os seus trazos formais característicos e relacionando as súas características expresivas coa intención comunicativa e co resto de elementos da situación comunicativa.</p>	<p>LCL2B2.4.1. Describe os trazos morfosintácticos, léxico- semánticos e pragmático- textuais presentes nun texto expositivo ou argumentativo procedente dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional ou empresarial, utilizando a terminoloxía gramatical adecuada e pondo de manifesto a súa relación coa intención comunicativa do emisor e cos trazos propios do xénero textual.</p> <p>LCL2B2.4.2. Recoñece, describe e utiliza os recursos gramaticais (substitución pronominal, uso reiterado de determinadas estruturas sintácticas, correlación temporal, etc.) e léxico- semánticos (substitución por sinónimos, hipónimos, reiteracións léxicas, etc.) que proporcionan cohesión aos textos escritos.</p> <p>LCL2B2.4.3. Recoñece e explica os procedementos de cita (estilo directo, indirecto ou indirecto libre, cita encuberta, etc.) presentes en textos expositivos e argumentativos, así como a súa función no texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL • CCL 	3 3 2	<p>curso</p> <p>Todo o</p> <p>curso</p> <p>Todo o</p> <p>curso</p> <p>Todo o</p>	<p> Rúbricas</p> <p> Traballos individuais e grupais</p> <p> Probas escritas</p>

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Instrumentos de avaliación
<p>B3.1. Recoñecer e explicar o proceso de formación de palabras en español, aplicando os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do seu vocabulario</p>	<p>LCL2B3.1.1. Explica o procedemento de formación das palabras diferenciando entre raíz e afixos e explicando o seu significado.</p> <p>LCL2B3.1.1. Recoñece e explica a procedencia grecolatina de grande parte do léxico español e valora o seu coñecemento para a dedución de palabras de orixe descoñecida.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>3</p> <p>2</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p> Probas orais e escritas</p> <p>- Rúbricas</p>
<p>B3.2. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais (substantivo, adxectivo, verbo, pronome, determinante, adverbio, preposición e conxunción) e explicar os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>LCL2B3.2.1. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais nun texto, en relación coa intención comunicativa do emisor e a tipoloxía textual seleccionada, así como con outros compoñentes da situación comunicativa (audiencia e contexto).</p> <p>LCL2B3.2.2. Selecciona o léxico e a terminoloxía adecuados en contextos comunicativos que esixen o uso formal e especializado da lingua, evitando o uso de coloquialismos, imprecisións ou expresións clixé.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSC 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p> Probas escrita</p> <p> Rúbricas</p>

<p>B3.3. Identificar e explicar os niveis de significado das palabras en función da intención comunicativa do discurso oral ou escrito en que aparecen.</p>	<p>LCL2B3.3.1. Explica con propiedade o significado de palabras e expresións, diferenciando o seu uso denotativo e connotativo, e relacionándoo coa intención comunicativa do emisor.</p> <p>LCL2B3.3.2. Recoñece, analiza e interpreta as relacións semánticas entre as palabras (sinonimia, antonimia, hiperonimia, polisemia e homonimia) como procedementos de cohesión textual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CCL 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>– Probas orais e escritas</p>
<p>B3.4 Observar, reflexionar e explicar as estruturas sintácticas dun texto, sinalando as conexións lóxicas e semánticas que se establecen entre elas.</p>	<p>LCL2B3.4.1. Recoñece as estruturas sintácticas e explica a relación funcional e de significado que establecen co verbo da oración principal, empregando a terminoloxía gramatical adecuada.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Rúbricas</p>
<p>B3.5. Aplicar os coñecementos sobre estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, a autoavaliación e a mellora de textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<p>LCL2B3.5.1. Enriquece os seus textos orais e escritos incorporando estruturas sintácticas variadas e aplicando os coñecementos adquiridos para a revisión e a mellora destes.</p> <p>LCL2B3.5.2. Aplica os coñecementos adquiridos sobre as estruturas sintácticas dos enunciados para a realización, autoavaliación e mellora dos propios textos orais e escritos, tomando conciencia da importancia do coñecemento gramatical para o uso correcto da lingua.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CSIEE 	<p>3</p> <p>3</p>	<p>curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Probas escritas</p> <p>Trabalos individuais e grupais</p> <p>Rúbricas</p>

<p>B3.6. Aplicar os coñecementos adquiridos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, a análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade, referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto de elementos da situación comunicativa.</p>	<p>LCL2B3.6.1. Recoñece, analiza e explica as características lingüísticas e os recursos expresivos de textos procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos coa intención comunicativa do emisor e o resto de elementos da situación comunicativa, e utilizando a análise para afondar na comprensión do texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	2	curso	Todo o curso	 Probas escritas  Rúbricas
	<p>LCL2B3.6.2. Aplica os coñecementos sobre o funcionamento da lingua á comprensión, á análise e ao comentario de textos de distinto tipo procedentes dos ámbitos educativo, xornalístico, profesional e empresarial, relacionando os usos lingüísticos (marcas de obxectividade e subxectividade; referencias deícticas temporais, espaciais e persoais, e procedementos de cita) coa intención comunicativa do emisor e o resto dos elementos da situación comunicativa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSIEE 	2	curso	Todo o curso	
	<p>LCL2B3.6.3. Recoñece e explica os procedementos de inclusión do emisor e do receptor do texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	1	curso	Todo o curso	
	<p>LCL2B3.6.4. Recoñece e explica as referencias deícticas, temporais, espaciais e persoais nos textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	3	curso	Todo o curso	
	<p>LCL2B3.6.5. Recoñece, explica e utiliza os procedementos de cita.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	1	curso	Todo o curso	
	<p>LCL2B3.6.6. Revisa textos escritos propios e alleos recoñecendo e explicando as súas incorreccións (concordancias, réxime verbal, ambigüidades sintácticas, coloquialismos, etc.) con criterios gramaticais e terminoloxía apropiada co obxecto de mellorar a expresión escrita e avanzar na aprendizaxe autónoma.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	3	curso	Todo o curso	

<p>B3.7. Recoñecer e explicar a forma de organización interna dos textos expositivos e argumentativos.</p>	<p>LCL2B3.7.1. Recoñece, explica e utiliza en textos propios e alleos as formas de estruturar os textos expositivos e argumentativos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <p>na aula</p> <p>Observación</p> <p>Probas escritas</p>
<p>B3.8. Reflexionar sobre a relación entre os procesos de produción e recepción dun texto, recoñecendo a importancia que para a súa comprensión teñen os coñecementos previos que se posúen a partir de lecturas anteriores que se relacionan con el.</p>	<p>LCL2B3.8.1. Expresa as súas experiencias de lectura de obras de diferente tipo, xénero, etc. e as súas experiencias persoais en relación co novo texto, para chegar a unha mellor comprensión e interpretación deste.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>2</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <p>na aula</p> <p>Probas escritas</p> <p>Observación</p>
<p>B3.9. Coñecer a situación do español no mundo, as súas orixes históricas e os seus trazos característicos e valorar as súas variantes</p>	<p>LCL2B3.9.1. Coñece a situación actual da lingua española no mundo diferenciando os usos específicos da lingua no ámbito dixital.</p> <p>LCL2B3.9.2. Coñece as orixes históricas do español de América e as súas principais áreas xeográficas, recoñecendo nun texto escrito ou oral algúns dos seus trazos característicos e valorando as súas variantes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC • CSC 	<p>2</p> <p>2</p>	<p>3ª avaliación</p> <p>3ª avaliación</p>	<p>na aula</p> <p>Observación</p> <p>Probas orais e escritas</p>
<p>B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos e cultu-</p>	<p>LCL2B3.10.1. Participa en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL • CAA 	<p>1</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <p>- Traballos individuais e grupais.</p>

rais.					
B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e produción textual.	LCL2B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	• CAA	2	curso	Todo o curso na aula escritas Observación Probas orais e escritas

BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Grao de consecución	Temporalización	Instrumentos de avaliación
B4.1. Coñecer os aspectos temáticos e formais dos principais movementos literarios do século XX ata os nosos días, así como os autores e obras máis significativas.	LCL2B4.1.1. Desenvolve por escrito con coherencia e corrección as características temáticas e formais dos principais movementos do século XX ata os nosos días, mencionando os autores e obras máis representativas.	• CCEC	3	curso	Todo o curso - Probas de lectura - Probas orais e escritas - Rúbricas
B4.2. Ler e analizar textos literarios representativos do século XX ata os nosos días, identificando as súas características temáticas e formais en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence a obra, constatando a evolución histórica de temas e formas.	LCL2B4.2.1. Analiza fragmentos literarios ou obras completas do século XX ata os nosos días, relacionando o contido e as formas de expresión coa traxectoria e o estilo do/a autor/a en relación co contexto, o movemento e o xénero ao que pertence. LCL2B4.2.1. Compara textos de diferentes épocas e constata a evolución de temas e formas.	• CCEC • CCEC	3 2	curso curso	Todo o curso escritas Probas orais e escritas

<p>B4.3. Interpretar críticamente fragmentos ou obras significativas da literatura do século XX ata os nosos días, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.</p>	<p>LCL2B4.3.1. Interpreta críticamente fragmentos ou obras completas significativas da literatura do século XX ata os nosos días, detectando as ideas que manifestan a relación da obra co seu contexto histórico, artístico e cultural.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CSC 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <ul style="list-style-type: none"> 📄 Probas escritas 📄 Traballos individuais e grupais
<p>B4.4. Desenvolver por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.</p>	<p>LCL2B4.4.1. Desenvolve por escrito un tema da historia da literatura do século XX ata os nosos días, expondo as ideas con rigor, claridade e coherencia, e achegando unha visión persoal.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CCL 	<p>3</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <ul style="list-style-type: none"> 📄 Traballos individuais e grupais. 📄 Probas escritas 📄 Rúbricas
<p>B4.5. Elaborar un traballo de carácter educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, consultando fontes diversas, adoptando un punto de vista crítico e persoal e utilizando as tecnoloxías da información</p>	<p>LCL2B4.5.1. Le textos informativos en papel ou en formato dixital sobre un tema do currículo de literatura do século XX ata os nosos días, extraendo a información relevante para ampliar coñecementos sobre o tema.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • CAA 	<p>1</p>	<p>curso</p>	<p>Todo o curso</p> <ul style="list-style-type: none"> 📄 Traballos individuais e grupais 📄 Rúbricas

4.5. Concrecións metodolóxicas que require a materia

Durante o bacharelato a didáctica da asignatura estará dirixida por un afán dunha maior especialización en todos os ámbitos da lingua e a literatura. Ademais, tratarase de despertar no alumno un espírito crítico ante temas de carácter social.

Creemos que nesta etapa se debe practicar con soltura a modalidade oral na conversación cotiá e adaptarse aos rexistros que as diferentes situacións requiran, principalmente no ámbito escolar, así como expresarse correctamente por escrito para poder comunicar mediante esta modalidade as experiencias e emocións propias, a percepción do mundo e os coñecementos académicos e culturais que se adquiriron.

Este obxectivo, perseguido ao longo de todo o proceso educativo anterior, debe ser a base que sustente a metodoloxía de estudo que esta área suscita para os dous cursos de bacharelato. Non será posible avanzar nos estándares que esixe o programa oficial se a capacidade comprensiva e expresiva non se desenvolveu convenientemente. Por iso prestarase atención especial dende o principio de curso a estes aspectos e axudarase no posible ao alumnado que presente carencias neste sentido para que canto antes se incorpore con toda competencia ao proceso de aprendizaxe común.

Un dos procedementos relevantes para conseguir este obxectivo anterior nestes dous cursos será o comentario de texto. Abordaranse dous tipos de comentarios, coa mesma técnica elemental pero encamiñando cada un deles a contidos específicos diferentes. Nun primarán contidos lingüísticos e aspectos comunicativos, e no segundo, sen renunciar a estes, centrarase en contidos literarios.

Pero a realización de comentarios de texto ha de apoiarse sobre bases conceptuais sólidas e procedementos adecuados de análises lingüísticas e literarias. Por iso debe prestarse atención aos apartados teóricos, tanto de lingua como de literatura, os cales deberán impartirse do modo máis ameno posible, mediante o intercambio de coñecementos entre profesor e alumno, consultas da bibliografía especializada ou relacións interdisciplinares con materias afíns.

A adquisición de coñecementos teóricos non debería abordarse dun modo memorístico, pois os conceptos adquiridos por este medio deixan de ter valor cando se converten en pura mecanización repetitiva. O uso e a aplicación práctica deses conceptos ao traballo de análise e argumentación traerán como consecuencia un mellor desenvolvemento das competencias e unha bagaxe cultural máis perdurable no tempo. Por iso, paralelamente ao desenvolvemento da teoría, realizaranse exercicios e actividades que axuden a comprender mellor os conceptos e a reter as ideas mediante recursos de relación lóxicas e conexión analóxicas e de contraste.

De modo xeral, para o conxunto do alumnado previuse un apartado de exercicios e actividades que recibirán un tratamento particularizado, en función das necesidades de cada un. A través deles atenderase á diversidade e aos casos que presenten necesidades especiais. Enfocaranse cara á corrección ortográfica, á ampliación e afianzamento do vocabulario e ao perfeccionamento da expresión verbal, tanto oral como escrita.

Especial atención requerirá o seguimento da lectura, tanto na variedade de textos que se manexarán en clase para a súa análise como das obras literarias que deben ler. Leranse, polo menos, tres obras obrigatorias e serán obxecto dun control, oral ou escrito, que permita comprobar que se realizou unha lectura reflexiva.

No contexto da pandemia, ademais, potenciarase o uso de ferramentas dixitais e da aula virtual, de maneira que as actividades desenvoltas por esta vía respeten na medida do posible os principios que acabamos de indicar. En condicións de presencialidade, o alumnado habituarase a traballar de maneira cotiá na aula virtual, que será a principal canle educativa en caso de confinamento.

4.6. *Materiais e recursos didácticos*

Primeiro curso de Bacharelato

Material de traballo facilitado pola profesora: fotocopias, libros de lectura, antoloxías, gramáticas, páxinas web, etc. O material facilitarase a través da aula virtual e/ou en formato papel. En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os libros de lectura obrigatoria serán os seguintes:

- *1ª avaliación: La Celestina*. Fernando de Rojas. Edit. Vicens-Vives (colección “clásicos adaptados”)
- *2ª avaliación: El Lazarillo de Tormes*. Anónimo.
- *3ª avaliación: Algúns capítulos de Don Quijote* ou algunha obra de teatro do Barroco.

En caso de que se produza un confinamento e non todo o alumnado dispoña de libro de lectura, substituirase o libro en papel por lecturas virtuais libres de dereitos de autor. Unha das plataformas cuxo uso se consideraría neste caso é *elibrototal.com*, que somentes difunde obras de Dominio Público cuxa publicación non conculque os dereitos de autor.

Segundo curso de Bacharelato

Material de traballo facilitado polo profesor: fotocopias, libros de lectura, antoloxías, gramáticas, páxinas web, etc. O material facilitarase a través da aula virtual e/ou en formato papel. En función da situación sanitaria, limitarase ou eliminarase a entrega de materiais en papel.

Os libros de lectura, a falta dunha maior concreción respecto á nova proba de acceso á Universidade, son os seguintes:

- *Romancero gitano*, Federico García Lorca
- *La Fundación*, Antonio Buero Vallejo
- *El lector de Julio Verne*, Almudena Grandes
- *Crónica de una muerte anunciada*, Gabriel García Márquez

AULAS VIRTUAIS

Na actual situación será fundamental o emprego da aula virtual, tanto na educación presencial coma, por suposto, nos casos de semipresencialidade ou de confinamento. En tódolos niveis, as aulas virtuais serán para o alumnado unha plataforma con múltiples funcionalidades. Poderá servir de soporte de contidos, como un libro de texto, lugar de entrega de tarefas, espazo de discusión (a través dos foros), e canle para a comunicación co profesorado (segundo as circunstancias, poderán plantexar dúbidas, suxerencias, etc, a través do servizo de mensaxería da aula). De aí que dende o comezo do curso acostumarase ao alumnado para que incorpore este recursos na súa práctica diaria, igual que un caderno ou un libro de texto.

Mentres que nunha situación de presencialidade a aula virtual será un complemento ao traballo feito na aula física, en caso de semipresencialidade haberá días no que esta constitúa a canle principal do proceso educativo, e en caso de confinamento será sempre o principal mecanismo de comunicación, de traballo e de regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. Con todo, poderá combinarse con outros recursos, como a videochamada.

4.7. Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado

Nestes cursos temos dous obxectivos. O primeiro é que os alumnos se acostumen a render en probas de carácter global e individual, tal como terán que facer despois na futura proba de acceso á Universidade, por iso incluímos probas que teñen un gran peso na nota final; o segundo é que adquiran hábitos de estudo diario. Para iso contamos con instrumentos de avaliación variados (ver táboas do apartado 4) que nos permiten observar e cualificar axeitadamente o traballo diario do alumno/a.

Criterios de cualificación

• 1º de Bacharelato:

Neste curso, a calificación obterase a partir das seguintes porcentaxes:

- Probas (escritas ou orais): 70%

- Proba ou traballo de lectura: 10%
- Tarefas de casa e clase: 10%%
- Traballo de expresión ou comprensión oral: 10 %

● A penalización por erros ortográficos nos cursos de Bacharelato é a seguinte: -0'20 por grafía ou signo de puntuación e -0'10 por til ata un máximo de 2 puntos por proba. Ademais, naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos.

- En caso de confinamento xustifico, manteranse as porcentaxes que acabamos de sinalar, pero o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a través da aula virtual principalmente. As probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.

-No caso daquel alumnado que non dispoña da posibilidade de seguir de maneira telemática as clases, levarase a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe mediante materiais en papel facilitados no centro, e que deberán ser devoltos nuns determinados prazos para a súa revisión ou corrección. Poderá establecerse ademais comunicación mediante ABALAR e/ou chamadas telefónicas.

-

- A cualificación neste curso basearase na ponderación por bloques que se establece nas táboas do apartado 4, bloques que serán avaliados con distintos instrumentos, que aparecen especificados entre parénteses:

- ⑩ Bloque de comunicación oral 10% (rúbricas, observación na aula)
- ⑩ Bloque de expresión escrita 20% (tarefas de casa e clase, probas escritas, traballos, rúbricas, etc.)
- ⑩ Bloque de coñecemento da lingua 40% (tarefas de casa e clase, probas orais e escritas, traballos, etc.)
- ⑩ Bloque de Literatura 30% (tarefas de casa e clase, probas escritas, proba de lectura que ponderará o 10%, etc.).

- No caso de que o alumno/a non acadase unha cualificación de 5 na nota global, o profesor/a podería establecer os mecanismos de recuperación que considere axeitados.

- **2º de Bacharelato:**

Neste curso, derradeiro do bacharelato, síguense as directrices marcadas polo grupo de traballo de Lingua e Literatura da CIUG, xa que a preparación da ABAU, proba de acceso á Universidade é unha das finalidades para a maioría do alumnado. Así, a avaliación basearase na realización de distintas probas obxectivas que sirvan de entrenamiento para a realización desta proba e a porcentaxe asignada a cada bloque reflicte estas directrices da CIUG.

Poderá haber dous tipos de probas:

- Probas principais: 90%
- Probas pequenas: 10 %

- A penalización por erros ortográficos nos cursos de Bacharelato é a seguinte: -0'20 por graffa ou signo de puntuación e -0'10 por til ata un máximo de 2 puntos por proba. Ademais, naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos.

🔗 En caso de confinamento xustifico, manteranse as porcentaxes que acabamos de sinalar, pero o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a través da aula virtual principalmente. As probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.

-No caso daquel alumnado que non dispoña da posibilidade de seguir de maneira telemática as clases, levarase a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe mediante materiais en papel facilitados no centro, e que deberán ser devoltos nuns determinados prazos para a súa revisión ou corrección. Poderá establecerse ademais comunicación mediante ABALAR e/ou chamadas telefónicas.

🔗 A cualificación neste curso basearase na ponderación por bloques que se establece nas táboas do apartado 4, bloques que serán avaliados con distintos instrumentos, que aparecen especificados entre parénteses:

- Bloque de expresión escrita 30%

Este bloque céntrase basicamente no exercicio de comentario de texto da CIUG: definición de palabras, resumo ou esquema e comentario crítico.

- Bloque de coñecemento da Lingua 30%

Este bloque está asociado ás preguntas de carácter máis gramatical: morfoloxía, sintaxe, semántica,etc.

– Bloque de Literatura 40%

Abrangue temas teóricos da historia da Literatura do século XX e a análise de catro obras significativas do século XX

- No caso de que o alumno/a non acadase unha cualificación de 5 na nota global, o profesor/a podería establecer os mecanismos de recuperación que considere axeitados.

Peso de cada avaliación na nota global en Bacharelato

Caso 1: presencialidade

No caso de que o curso se desenvolva íntegramente de maneira presencial, cada avaliación terá un peso diferente na nota global do/a alumno/a, xa que consideramos que Lingua castelá é unha materia continua, polo que a última avaliación debe ter máis peso xa que nesta 3ª avaliación recóllese toda a aprendizaxe realizada ao longo do curso. Así, a porcentaxe de cada avaliación será a seguinte:

1ª avaliación: 30%

2ª avaliación: 30%

3ª avaliación: 40%

Caso 2: confinamento ou semipresencialidade

No caso de que a situación sanitaria obrigue a desenvolver parte do curso de maneira telemática ou de maneira semipresencial, optarase ben por unha media aritmética das tres avaliacións, ben por unha nova distribución das porcentaxes que teña en conta a situación en que se levou a cabo cada unha das avaliacións.

No caso de que o alumno/a non acadase unha cualificación de 5 na nota global, o profesor/a podería establecer os mecanismos de recuperación que considere axeitados.

Aínda que **a actitude** non se considera un estándar avaliable por si mesmo, consideramos que é importante que o alumno manteña unha serie de comportamentos axeitados:

_Interese en participar activamente en todas as actividades propostas polo profesor: concursos, lecturas expresivas, consulta de aspectos acordados previamente...

_Puntualidade na entrega dos traballos encomendados. O profesor poderá non recoller traballos, redaccións, deberes, etc. fóra de prazo, o que significará que o alumno obterá cero puntos nesa actividade concreta.

_ Non ter faltas inxustificadas de asistencia.

_Puntualidade na entrada na aula, orde e silencio nas entradas e saídas.

_Material (caderno, libro de texto, fotocopias, libros de lectura ou calquera outro material co que se estea traballando) disposto enriba da mesa cando o profesor entra pola porta. O material debe estar ben coidado. En caso de confinamento ou semipresencialidade, ou se a situación sanitaria dificulta a revisión do caderno, poderase solicitar ao alumnado que suba á aula virtual fotografías de tarefas feitas no caderno ou que faga tarefas a través do procesador de textos, que funcionaría entón como un caderno virtual.

_Aproveitamento das correccións do profesor para mellorar nos aspectos ortográficos, de acentuación, puntuación, expresión e presentación.

_Actitude de silencio, atención, respecto ao profesor e aos compañeiros en todas as actividades realizadas na aula ou fóra dela. Os foros e so servizo de mensaxería da aula virtual serán a referencia para este ítem en caso de confinamento.

_Aproveitamento do tempo adicado á lectura e ao traballo realizado na aula, na sala de ordenadores, na biblioteca ou en calquera outro espazo dentro ou fóra do centro escolar.

_Uso responsable do ordenador na aula -ou en calquera outro espazo do centro- e coidado na súa manipulación. Os alumnos que empreguen o ordenador para actividades non encomendadas polo profesor serán penalizados.

_Actitude de obediencia nas indicacións do profesor polo que se refire ao comportamento ou ao xeito de realizar calquera das tarefas encomendadas.

Nunha situación normal, non condicionado por unha coyuntura de pandemia, traballábase a **aprendizaxe cooperativa** tendo en conta aspectos como:

- A correcta realización das estruturas explicadas polo profesor (lapis ao centro, folio xiratorio, lectura compartida, o saco de dúbidas, etc.).
- A consecución dos obxectivos individuais e de equipo establecidos en cada plan de equipo elaborado ao longo do curso así como a axeitada realización dos seus cargos.
- Poderanse recoller traballos realizados polo equipo, tanto de todos os membros como dun só deles; neste caso todos os membros levarán a nota do documento recollido.
- A actitude positiva cara ás actividades propostas.
- Colocar as mesas en posición, traer e colocar o material necesario enriba da mesa e poñerse a traballar, todo iso o máis axiña posible.
- Traer feitas da casa as tarefas encargadas polo docente.

- Centrarse no traballo, sen falar doutros asuntos non relacionados co traballo encomendado, e facer o mellor posible a parte da tarefa que lle toque a cada alumno.
- Rematar as tarefas dentro do prazo de tempo fixado e co volume axeitado para non molestar aos outros equipos de traballo.
- Avanzar no proceso de aprendizaxe, esforzarse para axudar aos compañeiros e/ou recibir axuda por parte deles.

Na situación de pandemia actual, non é posible realizar traballo cooperativo que esixa proximidade física, agrupación de mesas ou uso compartido de materiais. Tratarase de suplir esta carencia mediante o traballo en gran grupo de maneira oral, e coa participación de todo o alumnado, tendo en conta especialmente aqueles alumnos/as que teñan máis dificultade. Asimesmo, se o profesor o ve pertinente, poderá realizar traballo cooperativo mediante ferramentas dixitais.

Se o profesor o considera pertinente, poderá establecer antes da avaliación ordinaria unha proba de recuperación da materia para os alumnos que non acadesen unha cualificación de 5. O alumno que non supere a materia terá dereito a presentarse á proba extraordinaria de setembro, na que aparecerán os contidos mínimos fixados nesta programación e na que o alumno deberá obter, polo menos, unha cualificación de cinco para superar a materia.

Este Departamento e o centro do que forma parte seguirán as instrucións dadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a promoción no bacharelato no réxime ordinario.

4.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE
1. - ¿O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?
2. - ¿Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?
3. - ¿Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?
4. - ¿Tomáronse medidas curriculares e organizativas para atender ó alumnado con NEAE?
5. - ¿Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?
6. - ¿Usáronse distintos instrumentos de avaliación?
7. - ¿Deuse un peso real á observación do traballo na aula?
8. - Dentro das circunstancias, ¿puido traballarse de forma cooperativa a través de estratexias de gran grupo ou de forma dixital?
9. - ¿Ofreceuse a cada alumno as explicacións individualizadas que precisaba?

- | |
|---|
| 10. - ¿Potenciáronse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral? |
| 11. - ¿Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe? |
| 12. - ¿Comentouse co alumnado os fallos máis significativos das probas, exames, traballos, etc? |
| 13. - ¿Realizáronse as ACIS propostas e aprobadas? |
| 14. - ¿Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, etc? |
| 15. - ¿Empregouse de maneira eficaz e clara para o alumnado a aula virtual? |
| 16. -¿Organizouse de maneira adecuada a ensinanza a distancia en caso de confinamento ou semipresencialidade? |

4.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación de pendentes

O alumnado de 1ª de Bacharelato realizará unha serie de actividades vinculadas a cada un dos bloques da materia e que recollan os estándares mínimos do curso tomando como modelo as probas escritas do curso anterior para que lle sirvan ó alumno de entrenamiento e guía. Estas actividades serán revisadas polo profesor actual da asignatura ou a xefa de Departamento quen as corruxarán e aclararán as dúbidas que se poidan presentar. A preparación efectiva destas tarefas e que sexan entregadas na data fixada, computará un 20% O alumno deberá presentarse ós exames fixados polo centro que computarán un 80% da cualificación global. No caso de que a súa cualificación sexa 5 ou máis, o alumno superará a materia pendente no primeiro exame fixado, xa que consideramos que a lingua é unha materia global e as probas incidirán nos estándares mínimos da materia. En caso contrario, terá que presentarse ao segundo exame, e, en caso de non superar a proba, ao terceiro exame fixado polo centro.

A xefatura de Departamento estará dispoñible nunha hora de recreo para aos alumnos que queiran consultar dúbidas ou necesiten algunha aclaración.

4.10. Medidas de atención a diversidade

Nos cursos de bacharelato, sobre todo no primeiro curso, a materia abórdase con criterios flexibles nos que se combinarán cuestións de diferente dificultade e ordenarase cara a aqueles aspectos que reporten maior utilidade aos diferentes tipos de alumnos. Prestarase atención ao factor progresivo da materia, de modo que poida observarse un incremento no grao de adquisición de coñecementos desde os primeiros pasos do curso aos últimos.

Aqueles alumnos que teñan dificultades serias ou leves en aspectos concretos da materia poderán dirixirse ao seu profesor para que este lles reforce con actividades encamiñadas a cubrir ou mellorar, na medida do posible, as deficiencias detectadas.

A imposibilidade de acercarse ao alumnado sen romper a distancia de seguridade complica a atención ao alumnado con máis dificultades. Este inconveniente tratará de vencerse en parte mediante o seguimento a través da aula virtual e o deseño nesta plataforma de espazos individualizados para este tipo de alumnado.

En caso de semipresencialidade ou de confinamento, a atención á diversidade pode verse perxudicada. O alumnado con mais dificultades acusa especialmente os períodos lectivos non presenciais. Co fin de garantir a continuación desta práctica tan necesaria, poderanse pór en funcionamento aqueles mecanismos tecnolóxicos que permitan unha atención individualizada do alumno: a opción de colgar recursos e tarefas de acceso restrinxido para un determinado alumno ou grupo na aula virtual, o servizo de mensaxería da aula virtual para responder dúbidas e orientar no proceso de aprendizaxe, o servizo de videochamada e/ou as chamadas telefónicas.

4.11. Concreción dos elementos transversais

No bacharelato é moi común que o contido de moitos textos, incluídos para a súa análise e comentario, e dalgunhas actividades inviten a reflexionar sobre principios, comportamentos, feitos e actitudes que deben formar parte da educación integral do individuo.

Presentamos aquí a relación dos principais contidos curriculares dos temas transversais que se tratan na presente Programación.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptiva, colaboradora e tolerante nas relacións entre individuos e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferenzas entre as persoas e entre os grupos sociais pertencentes á nosa sociedade ou a outras sociedades ou culturas diferentes da nosa.
- Actitude crítica ante calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferenzas individuais ou sociais.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento da nosa sociedade; en particular, os dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.
- Análise crítica dos valores culturais da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e doutras culturas.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Respecto polas opinións e crenzas das outras persoas.
- Recoñecemento do diálogo como medio para resolver as discrepancias nas opinións así como os diversos tipos de conflitos, tanto interpersoais como sociais.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista que se dan na actualidade así como dos que se deron noutros períodos históricos.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Identificación e sensibilización polos principais problemas que afectan á conservación do medio ambiente.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Conciencia das repercusións que producen no medio ambiente os refugallos de todo tipo de produtos e materiais.
- Comprensión da necesidade de consumir en función das necesidades reais individuais.

4.12. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades que se propón realizar este Departamento para o curso 2021-22 para os cursos de Bacharelato, son as seguintes:

- Conmemoración do día da Poesía
- Conmemoración do día do Libro
- Conmemoración do día do Teatro
- A asistencia a algunha obra de teatro no centro ou fóra dependerá das datas, programación cultural e prezos e, sobre todo, situación sanitaria. A necesidade de non mesturar grupos, como medida de precaución ante a COVID, dificulta máis a realización deste tipo de actividade.

Todas estas actividades poden ser aumentadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso en función das circunstancias que poidan xurdir no presente ano académico.

4.13. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica serán os seguintes:

- Comentario semanal, revisión e/ou avaliación mensual polos membros do Departamento didáctico, reunidos en xuntanza formal, da marcha e execución da programación (obstáculos, dificultades, medios, procedementos, logros, entre outros). As propostas e acordos para futuras modificacións deben quedar reflectidos no Libro de Actas do Departamento.
- Comentario, revisión e avaliación trimestral dos datos xerais das sesións de avaliación con propostas que poden axudar a mellorar os resultados.
- Posta en común, análise e avaliación dos resultados dos documentos con indicadores para avaliar o proceso de ensino e práctica docente (vid. Punto 8). Os comentarios e acordos entre os membros do departamento incorporaranse ao Libro de actas.
- Intercambio de impresións con outros departamentos en función da súa afinidade docente (principalmente os Departamentos de Linguas) cós obxectos de lograr a consecución dos estándares de aprendizaxe básicos para mellorar a competencia comunicativa.

Ao longo das avaliacións iremos, mediante rúbricas ou calquera outro medio ao noso dispor, avaliando a nosa planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do proceso de ensinanza, a avaliación desta ensinanza. Tamén ao final do curso reflexionaremos sobre o grao de consecución dos obxectivos en cada curso, os contidos abordados, se os materiais empregados foron ou non axeitados, cal foi a implicación dos nosos alumnos nos grupos cooperativos, o grao de satisfacción na utilización das TIC, o acerto ou desacerto nas lecturas programadas e tamén nas actividades extraescolares levadas a cabo.

5. PROGRAMACIÓN DE LITERATURA UNIVERSAL

5.1. Introducción e contextualización

A lectura de textos da literatura universal intervén no proceso de maduración afectiva, intelectual e estética do alumnado, xa que o coñecemento desta parte fundamental do patrimonio cultural da humanidade conduce os/as estudantes a afondar na comprensión da propia identidade, tanto individual como colectiva, así como a valorar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. Ademais, o alumnado pode coñecer outras realidades sociais e culturais, enriquecer a súa personalidade, ampliando a súa visión do mundo, e afianzar os seus hábitos de lectura, desenvolvendo o seu sentido estético.

5.2. Contibución ao desenvolvemento das competencias clave.

A aproximación á materia de Literatura Universal como coñecemento e aprendizaxe contribúe a desenvolver a competencia lingüística, a dixital, as sociais e cívicas, e a de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas adquiridas durante a ESO e na materia común de Lingua Castelá e Literatura.

5.3. Concreción dos obxectivos para o curso.

O fin último da materia é que o alumnado adquira as destrezas necesarias para ser lectores competentes, capaces de relacionar tematicamente as obras literarias universais e contextualizarlas no tempo. Son, por tanto, obxectivos desta materia:

- Ler, comprender e interpretar textos literarios e relacionalos cos seus contextos históricos.
- Coñecer os grandes períodos e movementos da literatura universal e as súas obras e autores máis representativos.
- Identificar os temas recorrentes das obras da historia da literatura.
- Relacionar os textos literarios con outras obras artísticas.
- Valorar as manifestacións literarias como expresión das creacións, sentimentos e as diferentes visións do mundo dos individuos e as culturas ao longo da historia.
- Desenvolver o gusto pola lectura como fonte de enriquecemento persoal.
- Valorar criticamente as manifestacións literarias e outras obras artísticas.
- Realizar presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.
- Aprender de xeito autónomo empregando medios bibliográficos, audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación.

5.4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe available de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.

Ver táboa:

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe e competencias clave	Grao mínimo de consecución	Temporalización	Procedementos e instrumentos de avaliación
Bloque 1. Procesos e estratexias					
B1.1. Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.	B1.1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.	LUB1.1.1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal. (CSC, CCEC)	3.Faino, pero de xeito guiado polo profesor.	Todas as avaliacións	-Comentario de textos. -Resposta ás preguntas dunha guía de lectura. -Proba escrita ou oral -Portfolio do alumno. -Plantilla de rúbrica. -Observación directa do traballo do alumno na aula.
		LUB1.1.2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario. (CSC, CCEC, CAA)	3.É quen de recoñecer tres destes aspectos: Relación das obras co seu contexto. temas e motivos características do xénero e do movemento. trazos salientables do estilo literario.		
B1.2. Relacións entre obras literarias e o resto das artes.	B1.2. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a	LUB1.2.1. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente	3.Faino, pero de xeito guiado polo profesor.	Todas as avaliacións	-Proba escrita ou oral -Exposición planificada oral. -Busca de documentos a través de libros, Internet... -Plantilla de rúbrica.

	súa forma e o seu contido coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.	significativas e relacións coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión. (CCL, CSC)			-Portfolio do alumno. -Observación directa do traballo do alumno na aula.
		LUB1.2.2. Establece relacións significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas. (CCL, CCEC)	3.Analiza similitudes e diferenzas entre a literatura e outras linguaxes expresivas, pero de xeito guiado polo profesor.		
B1.3. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).	B1.3.Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.	LUB1.3.1. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura. (CCL, CSC)	3.Recoñece un destes aspectos: a) temas b) formas	Todas as avaliacións	-Comentario de textos. -Resposta ás preguntas dunha guía de lectura. -Busca de documentos a través de libros, Internet... -Proba escrita ou oral. -Plantilla de rúbrica. -Portfolio do alumno. -Observación directa do traballo do alumno na aula.
		LUB1.3.2. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal. (CSC, CCEC)	3.Recoñece temas e formas na maior parte destas manifestacións: lírica, narrativa, teatro, cómic, música, artes plásticas, cine, danza...		
B1.4. Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura	B1.4. Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época, pondo de manifesto as influencias, as coincidencias	LUB1.4.1. Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o	2.Recoñece temas ou formas.		

universal. Selección e análise de exemplos representativos.	e as diferenzas entre eles.	mantemento de determinados temas e formas. (CCL, CSC)			
Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal					
B2.1. Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.	B2.1. Ler, comprender e analizar obras breves, fragmentos ou obras completas, significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.	LUB2.1.1. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as. (CCL, CSC)	3.Analiza tres destes aspectos: a) temas b) formas c) períodos d) autores	Primeiro Trimestre: A literatura da Antigüidade ao século XVII	-Comentario de textos. -Resposta ás preguntas dunha guía de lectura. -Busca de documentos a través de libros, Internet... -Proba escrita ou oral. -Plantilla de rúbrica. -Portfolio do alumno. -Observación directa do traballo do alumno na aula. -Realización de traballos escritos. -Exposicións orais planificadas.
B2.2. Renacemento e Clasicismo: Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento. A lírica do amor: o petrarquismo. Orixes: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época. A narración en prosa: Boccaccio. Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas.	B2.2. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.	LUB2.2.1.Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas. (CD, CCEC)	3.Realiza traballos críticos e relaciónaa só cun destes aspectos: a) contexto b) relevancia do autor Ou ben só emprega unha fonte de información.	Segundo Trimestre: A literatura nos séculos XVIII e XIX	
B2.3.0 Século das Luces: O desenvolvemento do	B2.3. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un/unha autor/a ou unha época con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando as obras literarias como punto de encontro de ideas e	LUB2.3.1. Realiza presentacións orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro	3.Nas súas presentacións son correctos tres destes aspectos: a) estruturación do contido. b) argumentación coherente. e clara das propias opinións, c) consulta e cita de fontes, selección de información relevante. d) utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.	Terceiro Trimestre: A literatura contemporánea	

<p>espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.</p> <p>A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa.</p> <p>Lectura comentada dalguna novela europea da prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do século XVIII.</p> <p>B2.4. O movemento romántico:</p> <p>A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia. O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precursores: Goethe.</p> <p>A poesía romántica e a novela histórica.</p> <p>Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.</p> <p>Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.</p>	<p>sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.</p>	<p>apropiado e da terminoloxía literaria necesaria. (CCL, CD)</p> <p>LUB2.3.2. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes. (CCL, CCEC)</p>	<p>3.As súas explicacións orais conteñen só algún destes aspectos.</p> <p>a) relación co contexto</p> <p>b) relación co resto das artes</p>		
--	---	---	---	--	--

B2.5. A segunda metade do século XIX:

Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.

O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX.

O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura dunha antoloxía de poesía simbolista.

A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra. Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

B2.6. Os novos enfoques da

literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:

A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria. A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das técnicas narrativas. Lectura dunha novela curta, dalgún relato e/ou dalgún conto representativo deste período. As vangardas europeas. O surrealismo. Lectura dunha antoloxía de poesía vangardista. A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida. O teatro do absurdo e do compromiso. Lectura dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas. Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xudiron a partir delas.

5.5. Concrecións metodolóxicas da materia.

Para conseguir lectores cada vez máis expertos e mellorar as súas producións orais e escritas, atenderase a:

- Lectura, análise e comentario de textos de fragmentos e obras completas.
- Acceso a outras manifestacións artísticas (cine, música, cómic, pintura, escultura...) para desenvolver a súa capacidade estética.
- Producción de distintos textos académicos e de intención artística e creativa en distintos soportes e formatos. Combinaranse as exposicións orais e a elaboración de traballos escritos e outros nos que se combinen distintas linguaxes (icónica, verbal, audiovisual). En caso de confinamento, as exposicións poderán ser substituídas por arquivos de audio ou de vídeo a través da aula virtual.
- Busca autónoma de información, aplicando os criterios de selección, adecuación e certeza, así como o contraste e a discriminación de fontes.
- Análise de textos para o desenvolvemento da comprensión oral e escrita.
- Intercambio de plantexamentos e puntos de vista para o debate e para a toma conxunta de decisións. En caso de confinamento, este tipo de actividade poderá levarse a cabo través dos foros da aula virtual.
- Aprendizaxe mediante actividades complexas, tarefas, aprendizaxe cooperativa.
- Tarefas nas que se aplican as capacidades adquiridas ao final de cada unidade. Serán actividades que esixen a posta en marcha de procesos cognitivos complexos, a asimilación de contidos, o fomento da creatividade e a aplicación das TIC tanto como ferramentas de busca e elaboración de información como polas súas posibilidades comunicativas e creativas.

Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

-Os alumnos utilizarán as TIC para aprender, comunicarse, e para realizar as súas propias aportacións e creacións utilizando diversas linguaxes e ferramentas.

Para dar resposta á diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe podemos:

- Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles a si mesmos.
- Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.
- Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, a oralidade e a escrita.
- Utilizar recursos gráficos, dixitais, visionado de películas, etc.

5.6. Materiais e recursos que se empregarán.

Os alumnos contarán con apuntes do profesor na aula virtual, fragmentos de obras e obras completas de lectura, acceso a Internet, películas, materiais de consulta...

AULAS VIRTUAIS

Na actual situación será fundamental o emprego da aula virtual, tanto na educación presencial coma, por suposto, nos casos de semipresencialidade ou de confinamento. Poderá servir de soporte de contidos, como un libro de texto, lugar de entrega de tarefas, espazo de discusión (a

través dos foros), e canle para a comunicación co profesorado (segundo as circunstancias, poderán plantexar dúbidas, suxerencias, etc, a través do servizo de mensaxería da aula). De aí que dende o comezo do curso acostumarase ao alumnado para que incorpore este recurso na súa práctica diaria.

Mentres que nunha situación de presencialidade a aula virtual será un complemento ao traballo feito na aula física, en caso de semipresencialidade haberá días no que esta constitúa a canle principal do proceso educativo, e en caso de confinamento será sempre o principal mecanismo de comunicación, de traballo e de regulación do proceso de ensino-aprendizaxe. Con todo, poderá combinarse con outros recursos, como a videochamada.

5.7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Os bloques 1 (procesos e estratexias) e 2 (grandes periodos e movementos) terán un peso dun 50% cada un. Esta porcentaxe poderá ser alterada se os traballos encomendados, que poderán cambiar dependendo das capacidades e intereses dos alumnos, así o requiren. Estes bloques concréntanse en:

1. Exames orais ou escritos, individuais ou en equipo, de calquera contido visto na materia.
2. Exames de lecturas que o alumno realizará na casa ou na aula. Interpretación, análise e valoración crítica destas.
3. Traballo na clase. Cualificaranse todos os traballos, individuais ou en equipo, encomendados polo profesor. Ao alumno que non asista a clase, rebaixarase unha parte da nota do traballo encomendado ese día.

Ademais da súa calidade técnica e expresiva, valoraranse aspectos como:

- Entrega puntual das tarefas encomendadas. Non se permitirá máis dun día de retraso e este terá unha penalización dun 20% da nota.
- Lectura atenta de textos, feita individualmente, por parellas ou equipo. Atención á lectura dos compañeiros, comprensión e valoración crítica do texto lido.
- Lectura dos textos cunha entoación, volume e ritmo axeitados. Interese en mellorar.
- Esfuerzo na realización das tarefas encomendadas. Vontade por mellorar aqueles aspectos que o profesor sinala.
- Interese pola materia, participación e actitude colaboradora co docente e cos compañeiros.
- Expresión oral e escrita axeitada, coherente y cohesionada en todas as súas intervencións. No caso dos textos escritos: entrega en folios blancos, con portada, marxes, boa caligrafía... Actitude de respecto ante as exposicións dos compañeiros: silencio, atención, toma de notas...
- Autonomía na busca de resposta ás súas dúbidas: realización dunha segunda lectura, consulta do diccionario, Internet...
- Capacidade de relación do contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe; tamén con outras manifestacións artísticas (música, cine, cómic, pintura, escultura...).
- Descubrimento das recorrencias temáticas, semellanzas e diferencias expresivas dos textos lidos.
- Axeitadas estratexias de acceso á información, de selección e contraste das fontes consultadas e dos métodos de tratamento e presentación da información en calquera soporte. Valorarase o interese por ampliar todo o posible o tema do que se estea investigando facéndoo de forma autónoma e recorrendo a webs especializadas. Os traballos nos que se detecte que hai un "corta e pega" de calquera enunciado, por pequeno que sexa, sen

elaboración e achegas críticas persoais, serán cualificados negativamente.

-Valorarase a orixinalidade, o interese por profundizar nos textos obxecto de estudio facendo achegas críticas persoais e relacionadas con aspectos como o contexto sociocultural da obra, outras obras literarias ou pertencentes a outras artes; e tamén relacionadas cos temas da nosa actualidade.

-Uso responsable dos medios audiovisuais ao seu alcance: libros, manuais, ordenadores, etc. Este aspecto é especialmente importante pois neste curso a docente non poderá estar ao mesmo tempo nas dúas aulas de informática nas que estarán distribuídos os seus alumnos. Deste xeito, os alumnos que non estean traballando no que se lles encomendara, ben porque estean falando entre eles, porque estean vendo outros contidos diferentes aos propostos para a investigación, porque non avisaran á docente tras rematar a tarefa encomendada, etc. serán sancionados cunha rebaixa na cualificación do traballo encomendado. Ademais, o uso inaxeitado dos ordenadores considérase una falta contra as normas de convivencia do centro.

-En Aprendizaxe cooperativa: actitude de respecto e colaboración. Cumprimento das normas do equipo e rigor na realización das estruturas cooperativas. O alumno perderá a porcentaxe correspondente ao día ou días que non asista á clase.

4. Traballo na casa: lectura e comentario de textos; traballos escritos, ou que combinen outras linguaxes, sobre calquera aspecto do currículo; textos creativos; busca de información; participación na realización de calquera outra tarefa encomendada polo docente. Non se permitirá máis dun día de retraso e este terá unha penalización dun 20% da nota.

Observacións:

- A penalización por erros ortográficos en cada proba escrita de carácter xeral é a seguinte: -0'20 por grafía ou signo de puntuación e -0'10 por til ata un máximo de 2 puntos por proba. Ademais, naqueles exercicios que precisen de redacción, por cada erro de expresión escrita restaranse ata 0,1 puntos sen unha nota máxima de desconto.

- ☒ En caso de confinamento xustifico, manteranse as porcentaxes e instrumentos que acabamos de sinalar, pero o proceso de ensino-aprendizaxe realizarase a través da aula virtual principalmente. As probas faranse de forma telemática ou substituiranse por traballos nos que o alumnado deba demostrar a adecuada asimilación dos contidos.

- ☒ -No caso daquel alumnado que non dispoña da posibilidade de seguir de maneira telemática as clases, levarase a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe mediante materiais en papel facilitados no centro, e que deberán ser devoltos nuns determinados prazos para a súa revisión ou corrección. Poderá establecerse ademais comunicación mediante ABALAR e/ou chamadas telefónicas.

-A nota final de avaliación poderá reducirse se o alumno presenta unha actitude negativa: impuntualidade na entrada na aula, non levar o material requirido, non atender ás explicacións do profesor, manipular o teléfono móbil, conductas disruptivas, usar inadecuadamente o ordenador, etc.

-O valor outorgado a cada un dos traballos realizados na avaliación dependerá da súa complexidade, grao de autonomía requirida do alumnado, tempo adicado... Por eso a porcentaxe dos bloques 1 e 2 poderán ser alteradas en función da natureza da tarefa encomendada.

-Cando un alumno non presente un traballo coas características ou calidade requiridas polo docente, este poderá cambiar os instrumentos de avaliación para ese alumno. Por exemplo: un traballo que ía ser avaliado coa entrega dun esquema pode ser avaliado con calquera instrumento distinto (exame oral ou escrito) se o alumno entrega un esquema incompleto ou pouco traballado. Asimesmo, ademais de que o alumno que falte a clase verá rebaixada a súa cualificación no traballo que se fixera ese día, se as súas faltas de asistencia implican un retraso, unha falta de axuda efectiva, ou calquera outro inconveniente, para a súa parella ou para os compañeiros de seu equipo, o docente poderá optar porque o alumno entregue un traballo individual, negándolle o dereito de seguir traballando en parella ou en equipo. Tamén poderá cambiarlle a natureza do traballo esixido.

-Considérase que o alumno ten a materia aprobada se ten, como mínimo, un 5 en cada avaliación.

-Se a materia non se superou en xuño, terá dereito a presentarse á proba extraordinaria, que consistirá nun exame global. A elección deste instrumento de avaliación está xustificada pola imposibilidade de corrixir traballos, aos que a docente tería que adicar moito tempo para valoralos axeitadamente.

5.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso da ensinanza e a práctica docente.

Indicador	1	2	3	4
Utilización das TIC	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Exposicións orais	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Porcentaxe de aprobados	50% - 60%	60% - 70%	70% - 85%	85% - 100%
Realización de actividades en parella, equipo, etc.	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Emprego de recursos variados na práctica docente	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Tratamento de temas transversais	Non se trataron os temas transversais	Tratáronse algúns dos temas establecidos	Tratáronse a maioría dos temas establecidos	Tratáronse todos os temas establecidos
Cumprimento da temporalización	En ningunha unidade	Nalgunhas unidades	Na maioría das unidades	En todas as unidades
Adaptación a situacións de confinamento ou de semipresencialidade	Non houbo adaptación	Houbo unha adaptación deficiente	Houbo unha adaptación suficiente para que o alumnado seguise o curso a distancia	Houbo unha adaptación completa que permitiu manter na distancia, e na medida do posible, os requisitos do proceso de ensino-aprendizaxe tal e como figuran nesta programación

5.9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Os alumnos coa materia pendente deberá entregar os traballos propostos polo profesor. Esta parte computará un 50% da nota. Tamén deberá presentarse a un exame que computará outro 50% da nota.

5.10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Antes de cada unidade, faranse preguntas para calibrar os coñecementos previos e os intereses dos alumnos.

5.11. Medidas de atención á diversidade.

A aprendizaxe cooperativa mediante parellas, equipos e a intervención de todo o grupo permite unha maior e mellor atención aos intereses, necesidades, ritmos, capacidades e motivacións de todos e cada un dos alumnos/as, xa que contribúe a aceptar a diversidade, favorece a participación e integración de todo o alumnado e permite axustar diferentes ritmos, capacidades e estratexias de aprendizaxe, nunha coexistencia que redunda en beneficio para todos.

Ademais diso, os criterios de cualificación tratan de axudar aos alumnos que, aínda que non teñan altas capacidades, amosan interese e traballan tanto na clase coma na casa.

En caso de semipresencialidade ou de confinamento, a atención á diversidade pode verse perxudicada. O alumnado con mais dificultades acusa especialmente os períodos lectivos non presenciais. Co fin de garantir a continuación desta práctica tan necesaria, poderanse pór en funcionamento aqueles mecanismos tecnolóxicos que permitan unha atención individualizada do alumno: a opción de colgar recursos e tarefas de acceso restrinxido para un determinado alumno ou grupo na aula virtual, o servizo de mensaxería da aula virtual para responder dúbidas e orientar no proceso de aprendizaxe, o servizo de videochamada e/ou as chamadas telefónicas.

5.12. Concreción dos elementos transversais.

Traballarase as seguintes competencias: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional.

Tamén se tratarán aspectos como:

-A igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social serán traballados a través da celebración de datas sinaladas como o 25 de novembro (Día contra a violencia de xénero), o 1 de decembro (Día dos Dereitos humanos) e o 8 de marzo (Día da muller traballadora).

-A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida será traballada mediante a celebración do Día da Paz (30 de xaneiro).

-A liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia e o respecto aos dereitos humanos traballaranse mediante as lecturas elixidas.

-A creatividade, autonomía, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico estará presente en todas e cada unha das actividades que o alumnado realice dentro e fóra da aula, incluíndo ademais a celebración do Día da poesía (24 de febreiro) e o Día do Libro (23 de abril)

5.13. Actividades complementarias e extraescolares.

Ao longo do curso, os alumnos participarán en varias actividades para complementar a súa formación nas que terá unha participación especial o departamento de Lingua Castelá. Entre elas cabe destacar as seguintes:

- Conmemoración do Día da Biblioteca.
- Conmemoración do Día da Poesía.
- Conmemoración do Día do Libro.
- Colaboración directa coa Biblioteca en todas aquelas datas e celebracións que se conmemoren no centro.
- Participación activa nas Xornadas Culturais que se celebran no centro. O departamento estudará diversas posibilidades: desde obradoiros ou talleres de creación literaria, representacións teatrais ou concursos de letras. A realización destas actividades dependerá da situación sanitaria.
- Participación no concurso de vídeos de Cans.

5.14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Ao longo das avaliacións iremos, mediante rúbricas ou calquera outro medio ao noso dispor, avaliando a nosa planificación, a motivación do alumnado, o desenvolvemento do proceso de ensinanza, a avaliación desta ensinanza. Tamén ao final do curso reflexionaremos sobre o grao de consecución dos obxectivos en cada curso, os contidos abordados, se os materiais empregados foron ou non axeitados, cal foi a implicación dos nosos alumnos nos equipos cooperativos, o grao de satisfacción na utilización das TIC, o acerto ou desacerto nas lecturas programadas e tamén nas actividades extraescolares levadas a cabo.